

sarria

O Concello deberá defender os intereses dos afectados pola liña de alta tensión. **Páx. 3**

samos

O colexio contará cun novo parque infantil o vindeiro curso. **Páx. 14**

o incio

O Sonoro Maxín estará no Festival Terra Brava o vindeiro 24 de agosto. **Páx. 16**

o páramo

Volven ao Páramo as Feiras de Primavera do 7 ao 9 de xuño. **Páx. 18**

paradela

O Certame Manuel-Orestes Rodríguez López xa ten gañadores. **Páx. 20**

Sarria énchese de festa

O San Xoán, o Ribela Love Nature e o Ultreia Suseia, as citas destacadas do municipio sarriao para este verán



“Temos que valorar máis o noso”

A Asociación Canaveira de Samos promove o coñecemento da cerámica do municipio. **Páx. 15**

Volve o torneo de fútbol base sarriao do verán

O IX Torneo Memorial Pedro Canoa desenvolverase no campo da Ribela os días 7, 8 e 9. **Páx. 22**

Grupo de folk Eoas



Actuará durante a Noite do Lume do San Xoán de Sarria. **Páx. 4**

Asociación Ergueitas



Falamos con María Casar, presidenta da Asociación Ergueitas de Sarria. **Páx. 8**

‘Voces do Páramo’



O alumnado remata a tempada do podcast ‘Voces do Páramo’. **Páx. 19**

Axúdase á Federación de Comercio

A Deputación destina 30.000 euros ao impulso do pequeno comercio a través dun convenio. **Páx. 21**

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

O PP critica o abandono do parque de Manán



O Grupo Municipal do Partido Popular aprecia “desinterese” no Goberno de Camiña Sarria polos espazos de convivencia nas parroquias do municipio á vista do seu “abandono e desmantelamento”. É o caso de Manán, onde a herba impide o uso dos elementos de xogo no parque infantil situado ao lado do antigo colexio a onde acoden nenos e nenas a actividades que acolle de forma periódica. A portavoz popular, Carmen José López, amosa a súa preocupación ao respecto porque “pode supoñer un perigo” porque pode xerar incluso “insalubridade”. Así, urxe ao Goberno local a actuar na limpeza, roza e acondicionamento dos espazos públicos, tanto parques infantís, como zonas verdes ou outros espazos de lecer. “Xa temos reclamado máis atención a estas zonas noutras ocasións: en setembro do ano pasado e

en marzo deste ano”, lembra a popular. López subliña que “estamos a mediados de maio xa houbo días de tempo e os veciños non poden desfrutar dos espazos públicos que actúan como zonas de reunión”. Nese sentido, cre que “é unha pena que por non levar a cabo pequenos traballos de mantemento os veciños e veciñas non dispoñan destas zonas que están inutilizables pola maleza”. Os concelleiros populares fanse eco da queixas dos veciños polo estado deste parque infantil e lembran tamén o desmantelamento do parque de Ferreiros onde se “retiraron os columpios hai tempo e aínda continúan sen repoñer, igual que en Belante onde hai un acordo do Pleno para a instalación de elementos para nenos e adultos e a pesar diso continúa totalmente desmantelado a día de hoxe”.

O Ribela Love Nature celebrarase os vindeiros 26 e 27 de xullo



O Festival Ribela Love and Nature de Sarria desenvolverase este verán os días 26 e 27 de xullo, no que a música, a arte, a sostibilidade e a comunidade serán as claves do evento.

Desta maneira, os organizadores confirman que este ano haberá actuacións musicais de tipo underground e electrónica, “algo diferente con respecto ao ano pasado”, pero fan esta aposta para promover un evento “que non se fixo antes en Sarria”.

Así, actuarán Alicia Carrera, Bawrut, Cemento Musgo, Certain People, Eduardo de la Calle, Identified Patient, John Axiom Live Band, Jor Ginho, Promising / Youngster, R0b0t City, Scandinavian Star & oqboqbo, Sutan e Violet. Moitos deles internacionais

que nunca pisaron Sarria e algúns tampouco España.

Por outra banda, nesta edición contarán cunha nova incorporación, xa que o colectivo ‘Que Face-mos!’ dirixirá a proposta de arte dixital, que incluírá instalacións artísticas, exhibicións curadas de arte, unha pantalla LED e una ambientación única a cargo de artistas internacionais e locais.

Como símbolo desta evolución, un dos artistas invitados, o Dj e artista visual canadense Som Fay, deseñou o novo logo da edición, un colibrí con todas as cores do arco da vella, creando expresivas amalgamas psicodélicas do pasado, presente e futuro a través da lente do soño lúcido e a sinestesia. A través do logo, represéntanse a natureza e a sostibilidade, tal

como explican os organizadores, xa que este ano seguirán sendo os piares do festival, no que o sábado a entrada será gratuíta e aberta para todas as persoas que queiran desfrutar da arte dixital, actividades para nenos e un lenzo xigante no que todas as persoas poderán colaborar. Así, na zona de entrada gratuíta haberá, tamén, un mercado solidario de Hospitaleros Sin Fronteras con produtos para vender e o diñeiro recadado irá a Senegal.

Ademais, outra das novidades da edición é que o cámping será gratuíto para todas as persoas que merquen a entrada do festival, así como seguirá en marcha a iniciativa de cambiar os residuos por diñeiro, para promover a sostibilidade, propios do festival.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

Abraham Cupeiro protagoniza o concerto benéfico 'Pangea'

A Asociación Cultural Meigas e Tragos, conxuntamente coa Asociación Cultural Banda de Música da Comarca de Sarria, organizan un concerto sen ánimo de lucro no que participará o sarriao Abraham Cupeiro. A iniciativa, baixo o nome de 'Pangea', desenvolverase o vindeiro 8 de xuño ás 21.00 horas e servirá para recadar diñeiro para reparar o teito da sede da Asociación Meigas e Tragos e para a Banda de Música da Comarca de Sarria. A igrexa do Rosario é o lugar elixido para que Abraham Cupeiro deleite aos interesados que queiran participar no evento, que terá un custo de 15 euros e a cabi-da no espazo sagrado será de 370 persoas. Ademais de Abraham Cupeiro, tocarán nesta evento 40



músicos da Banda de Música da Comarca de Sarria dirixidos polo director Carlos Timiraos como convidado, polo que esperan ofrecer un gran concerto.

Cupeiro colabora con estas dúas asociacións como unha forma de

compromiso cara a asociación onde comezou a súa andaina na música e na de recente formación e que necesita un pulo para seguir organizando eventos musicais para poñer en valor a música galega e a comarca de Sarria.

O Pleno aproba mocións de todos os partidos

O Pleno do 28 de maio do Concello de Sarria aprobou, en primeiro lugar, unha moción promovida polos tres grupos da oposición (PP, PSOE e BNG) instando ao Concello a defender os intereses dos máis de 500 afectados por esta liña de alta tensión, que ten previsto pasar por riba dos edificios. Así, pídesse que a liña cambie o trazado para evitar os núcleos de poboación, polo que os concelleiros da oposición votaron en bloque para que o Concello presente alegacións e propuxeron soterrar a liña, ademais de pedir un estudo de impacto ambiental. Camiña Sarria abstívose na votación, alegando que non ten capacidade de actuación, aínda que apoiou un cambio de trazado. A liña de alta tensión que pasará por Sarria e que evacuará a enerxía de cinco parque eólicos foi o punto central do Pleno, xa que acudiron os membros da plataforma de afectados pola LAT de 220.000 voltios de PE Chao do Marco-SE Belesar e SEC Soilán á sesión plenaria.

MÁIS CUESTIÓN. No Pleno tamén se aprobou unha moción do BNG para reclamar o pago aos clubs deportivos das subvencións de 2023. O alcalde, pola súa parte, alegou que estas axudas non se poden incorporar ao orzamento, que está prorrogado, pero sostivo que habilitará unha partida para que se fagan efectivas, aínda que se cobrarán máis tarde que as deste ano. Tamén se aprobou, a instancias do PP, a proposta para estudar as necesidades das infraestruturas deportivas para corrir as deficiencias detectadas. Segundo advirte a portavoz, Carmen José López, "vemos como moitas das instalacións non están á altura do noso deporte e presentan un dete-

rioro evidente". Así, puxeron exemplos, como "as goteiras do pavillón novo do Chanto, o mal estado do firme do acceso ao aparcamento desta infraestrutura, así como o deterioro das pistas descubertas ou as goteiras, humidades e condensación existentes tamén no pavillón de Oural; ademais do estado descoidado da contorna do estadio municipal de Ribela". Ante esta situación, os concelleiros do Partido Popular consideran "urxente e necesario adoptar medidas para o mantemento e mellora das instalacións deportivas municipais co fin de garantir espazos de calidade e axeitados para a práctica deportiva, como unha avaliación do estado das instalacións deportivas municipais, identificando necesidades de reparación, mantemento e melloras específicas en cada unha".

Por outra parte, houbo unanimidade na proposta de Camiña Sarria para pedir á Xunta que devolva ao do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) o antigo centro de saúde para ter a opción de compra por parte do Concello, xa que o alcalde, Claudio Garrido, denunciou que "tanto o edificio como os terreos do mesmo acumulan obxectos, lixo e carece dos labores mínimos de coidado das zonas verdes, que dan unha imaxe lamentable nunha zona céntrica da vila e pola que pasan moitas persoas día a día, o que demostra o abandono do Sergas da Xunta de Galicia, que desde setembro de 2011, cando se produciu o traslado e apertura do novo e actual centro de saúde, non recibe ningún labor de mantemento nin conservación", explicou. Finalmente, non foi aprobada a alegación aos prezos públicos da residencia de maiores.

O BNG sostén que está a disposición dos afectados pola liña de alta tensión

O BNG de Sarria organizou unha xuntanza con Xose Manuel Golpe, deputado do partido, que explicou aos participantes o que conleva para un municipio o paso dunha liña de alta tensión. "A liña de evacuación proxectada para Sarria e a súa contorna ponnos nunha situación crítica. A Xunta pretende executala por núcleos urbanos, pasando por riba das casas dos veciños e antepoñendo os seus intereses de negocio ao ben común", explican os nacionalistas. Desta maneira, enumeran as consecuencias do proxecto, que pasan polo impacto visual, o impacto sobre a saúde da veciñanza, o impacto sobre espe-



cies protexidas e sobre o Camiño de Santiago. Ademais, denuncian "o nulo interese do alcalde e o resto da corporación municipal ao non asistir ás reunións realizadas pola plataforma de afectados. "Dende o BNG estamos a disposición dos veciños para defender os intereses de

todos. Outras alternativas de trazado son posibles", conclúen.

Pola súa parte, desde a Plataforma de afectados polo paso da LAT Chao do Marco-SE Belesar Soilán por Sarria lembran que a data de finalización para presentar as alegacións é o 11 de xuño de 2024.



Rebollal - Leal
CLÍNICA CARDIOLÓGICA

TU CARDIÓLOGO EN SARRIA

ESPECIALISTA EN HEMODINÁMICA Y
CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA





Rebollal - Leal
CLÍNICA CARDIOLÓGICA

- Valvulopatías
- Insuficiencia Cardíaca
- Arritmias
- Cardiopatías Congénitas

- Cardiopatías Familiares
- Prevención Cardiovascular
- Hipertensión Arterial
- Dolor torácico

Nº Reg. Sanc C-27-001193

Rúa da Liberdade 111, Entresuelo C. Sarria - Lugo / Tel. 634 406 084

“A Noite do Lume do San Xoán de Sarria é nosa”

Falamos con Fermín López, que forma parte do grupo de Folk Eoas que actuará este ano durante o 24 de xuño, día do San Xoán de Sarria

Como nace a banda de música folk Eoas?

O grupo de folk Eoas nace no 1980 como un grupo de amigos que facían música folk de composición propia e que participaban en festivais de folk. Así foi durante 10 anos, pero paramos a actividade por falta de tempo, o traballo, casamos... e volvemos a retomar a actividade hai 25 ou 26 anos, a finais dos 90 e principios dos 2000 porque algúns dos compoñentes do grupo que casaban, pediánnos aos demais que lles compuxéramos pezas de folk especiais para a súa cerimonia, entón decidimos volver. Así, empezou a actividade que mantemos ata o de agora, que consiste en xuntarnos todos

un escenario.

Adoitamos facelo na Noite do Lume de San Xoán, durante as festas patronais de Sarria. No San Xoán xa tocamos varias veces e colaboramos con Meigas e Tragos. Algúns anos tivemos moitas ofertas para tocar pero non temos dispoñibilidade, polo que nos xuntamos os xoves e cenamos xuntos e tocamos pola afección pola música. Os temas de composición propia faciámoslos máis para actuacións concretas, como o que comentaba das cerimonias de voda, pero tamén para outros eventos e era en plan concerto, non verbena galega como no San Xoán, a de ‘Lume novo’, aínda que neste si que tocamos unha com-

Pistón, que toca a batería; Isidro Garañana, que toca o baixo; Borja, que toca a guitarra eléctrica e a gaita; Xosé Real, que é o cantante; Luís Quintana, que toca o saxo e a gaita; Martucho, que toca a frauta traveseira e a gaita, e eu, que toco guitarra acústica. Os gaiteiros formáronse en Meigas e Tragos e Luís Quintana en Pelerifios. Barbeiro empezou en Monforte e os demais de guitarra e baixo empezamos con Pepín o Asturiano, un señor que tiña unha escola de música en Sarria hai 30 anos e daba clases de guitarra, acordeón... Borja e Pistón son os máis profesionais, xa que o primeiro tocou en orquestras e o segundo é profesor de percusión na Escola de Música de Sarria. Os demais somos máis ben afeccionados que, polo amor pola música, fomos aprendendo tamén de forma autodidacta.

Que obxectivos se perseguen?

Nos inicios, non había un obxectivo claro, formouse o grupo porque lles encantaba a música e a música folk empezaba a gustar moito. Concretamente, querían poñer en valor a música da terra, pero tocaban por pura afección e ademais somos amigos de toda a vida. Paramos a actividade porque empezamos a ter traballo, a casar... pero éramos todos amigos e decidimos volver a retomar a actividade. Porén, o tempo sempre foi o que foi, xa que o traballo e a familia ocúpanos a maioría do tempo, pero adoitabamos facer dúas ou tres actuacións ao ano, xa que a xente nos pedía que actuáramos. No ano que máis actuamos



fixemos seis. Nas festas de verán é cando mais nos chaman pero temos traballo e familia, entón se non estamos traballando, estamos de vacacións coa familia. Nós tocamos por puro gusto e pracer, un día subimos ao escenario pero non podemos dedicarlle máis tempo.

e non sei fai máis porque non podemos porque require tempo que non temos. Nós costámoslle ao Concello porque o aluguer do son e do palco é moito, pero é que necesitamos eses recursos porque nós temos os nosos instrumentos pero necesitamos algo que o potencie. Ademais, sempre pedimos que o son e a iluminación sexa de Sonacustic de Sarria, xa que Manuel Martínez o xerente, é un dos compositores dalgunhas pezas propias do grupo de folk Eoas, xa que formou parte del durante moitos anos. El coñécenos e sabe que proporcionar para garantir a calidade.

Como é a valoración da xente do grupo de folk Eoas?

Na Noite do Lume do San Xoán somos profetas na terra, é nosa. Á xente gústalle e nós pasámo-lo pipa. A xente queda sempre contenta, e nós estamos agradecidísimos. A xente e os veciños quérenos e son moi agradecidos. Ademais dos veciños, aos peregrinos tamén lles encanta este tipo de música e fórmase unha festa moi bonita e hai unha comunión entre o público e nós. Por todo isto, no futuro queremos seguir sendo amigos todos e seguir cenando xuntos os xoves e tocando xuntos e seguir actuando na Noite do Lume do San Xoán todos os días 23 de xuño.

“Eoas xorde como un grupo de amigos namorados da música galega, polo que queremos poñer en valor o folk de Galicia e queremos facelo en Sarria”

Teñen colaboración do Concello?

A relación co concello é moi boa, contan con nós. En xaneiro xa nos din que empezamos a ensaiar para a Noite do Lume. O ano pasado non tocamos porque non tiñamos dispoñibilidade, pero sempre contan con nós. Hai dous anos fixemos como a despedida, pero logo chámannos e a todos éntanos o *gusanillo* e imos actuar. Isto é pura amizade e puro amor pola música galega



os xoves para cenar, tocar, e preparamos actuacións de vez en cando, pero pouca cousa, porque cada un ten o seu traballo e temos pouca dispoñibilidade, pero sempre temos o *gusanillo* de subir a

posición propia nosa que desenvolvemos xusto para o San Xoán de Sarria.

Por quen está formada?

Está formada por Xosé Barbeiro, que toca o acordeón; Xosé Luís

TE ESPERAMOS
EN TU TIENDA
OFICIAL
MASlife:

📍 Rúa da
Liberdade, 133.
Sarria.

☎ 622 82 62 88



TU ANTIGUA
TIENDA YOIGO

AHORA
TE OFRECE
MUCHO MÁS.

MASlife

Yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone

As festas do San Xoán celebraranse do 21 ao 25 de xuño con varias actividades

As festas do San Xoán de Sarria, que tamén son as patronais da vila, que se celebrarán entre o 21 e o 25 de xuño, xa conta cun cartel deseñado polo artista sarriao Rubén Santiago e que está inspirado no cartel das festas de 1974, feito polo pintor Antonio Vázquez Rivas, sendo este unha homenaxe ao pasado.

Rubén Santiago foi alumno de Avari, tal como se coñece o pintor sarriao, e quixo homenaxear a súa figura por ser un dos creadores, durante moitos anos, dos carteis que anunciaban en Sarria as festas locais.

O cartel presenta así tres foguetes en verde, vermello e branco, pero de forma reinterpretada e de maneira dixital, homenaxeando tamén ao pregoeiro das festas deste ano, o historiador e investigador sarriao Xaime Félix López Arias, máis coñecido como Arlindo, ao que se lle representa como unha figura debuxada en forma de persoa no 'i' de Sarria.

PROGRAMACIÓN. As festas acollerán diferentes actuacións musicais, que comezarán o día 21 coa actuación das orquestras Los Players e Kubo no campo de rugby, mentres



que o día 22 o fará La Fórmula e a banda Niña Polaca, o 23 será a quenda da orquestra New York e o 24 París de Noia e Ocaband, aínda que nesta noite o broche de ouro porao o grupo Eoas de Sarria. Por último, a festa rematará o día 25 coa actuación de Los Satélites.

O campo de rugby contará, ademais das diferentes actuacións, con dúas barras de bar para dar servizo de

bebida ás persoas que asistan aos concertos, un servizo que foi adxudicado á empresa Skyline Night. Por outra banda, tamén desenvolveranse actuacións musicais de grupos folclóricos galegos, como o baile o día 21 da Asociación Meigas e Trasgos durante o pregón e tamén o día 24 ao mediodía en La Unión, como todos os anos, e á tarde, protagonizando un pasarrúas.

Xa se pode participar no XXIV Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño de Sarria

O Concello de Sarria, coa colaboración da Agrupación Cultural Ergueitas, convocan o XXIV Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. As obras presentadas deben estar escritas en lingua galega. A escollo ortográfica de cada obra presentada non será obxecto de valoración por parte do xurado. A extensión mínima será de 500 versos. Os orixinais deberán ser inéditos e non premiados en ningún outro certame. Os traballos presentaranse por cuadruplicado en exemplares separados, grampados ou encadernados, en tamaño DIN A4 escritos por unha soa cara. Acompañaranse dun sobre pechado no que conste o título ou lema da obra no exterior, contendo no interior o nome e apelidos da autora ou autor, fotocopia do documento de identidade, enderezo, teléfono e correo electrónico. Enviaranse por correo certificado a: XXIV PREMIO DE POESÍA FIZ VERGARA VILARIÑO, Concello de Sarria, rúa Maior 14, 27600 Sarria. O prazo para a súa presentación remata o 24 de xuño de 2024.

Establécese un único premio indivisi-

bel dotado con 6.000 euros, suxeito á normativa fiscal vixente. O xurado poderá deixar deserto o premio se considera que as obras presentadas non acadan unha mínima calidade.

O xurado estará composto por persoas de prestixio no mundo da creación ou a crítica literaria. Actuarán como Secretaria a Presidenta da Agrupación Cultural Ergueitas e como Presidente o Concelleiro de Cultura de Sarria, os dous con voz e sen voto. A decisión do xurado será inapelable e será dada a coñecer antes do 17 de decembro de 2024.

A obra premiada será propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición que será publicada pola Editorial Espiral Maior. En posteriores edicións farase constar a condición de Premiada no XXIV Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Os orixinais non premiados non serán devoltos e serán destruídos. Logo de feito público o ditame, a organización poderá abrir as plicas das obras non premiadas para promocionar as seguintes edicións do premio, agás indicación do contrario no exterior do sobre.



NOS GUSTA VERTE FELIZ Y...
MUY PRONTO CONSEGUIREMOS TU MEJOR SONRISA



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

PRÓXIMA APERTURA

La Unión alberga unha mostra de Carmen Prado



A artista luguesa Carmen Prado protagoniza unha mostra pictórica de 17 cadros que acolle La Unión de Sarria. Nesta, Carmen Prado ofrece unha composición das súas obras pictóricas, nas que destaca a representación da

figura feminina, que poderá visitarse ata o vindeiro 15 de xuño. A artista afronta a realidade do devir cotián e costumista, polo que plasma sobre o lenzo esa narrativa urbana que lle colma de sentimentos e emocións.

Sarria acollerá a VIII edición de Expocidades en maio de 2025

Sarria, principal punto de partida do Camiño de Santiago Francés, acollerá a VIII edición de Expocidades en maio de 2025, a Mostra Turística das Cidades do Grupo Temático de Turismo do Eixo Atlántico, que se reuniu en Monforte para decidir a cidade, despois de que foran presentadas as candidaturas. Pola súa parte, Amarante, cidade creativa da UNESCO, será a sede da IX edición de Expocidades en 2026.

Na reunión participaron, ademais do Concello de Sarria, o de Monforte, o de Lugo, o da Coruña, Carballo, Culleredo, Ferrol, Narón, O Barco de Valdeorras, Ourense, Ribeira, Santiago de Compostela e a Deputación de Lugo. E tamén participaron varias cámaras de Portugal, como a



elixida para 2026, Amarante.

Tras as edicións de 2022, en Ferrol, e 2023, en Valongo, Sarria recolle a testemuña, o que é unha gran noticia para o concello e a comarca, "xa que Expocidades será un fantástico escaparate para dar a coñecer a

nosa cultura, tradición, gastronomía e riqueza patrimonial aos nosos veciños, máis aló do Camiño", sosteñen desde o Concello sarriao. A Mostra busca promover as cidades no seu medio de mercado inmediato e favorecer as relacións.

O Club de Lectura de Sarria superou todas as expectativas

A finais de xuño rematarán, previsiblemente, as reunións do Club de Lectura de Sarria, que se desenvolve os martes, cada quince días, ás 19.30 horas na Casa da Cultura e que está coordinado pola escritora bovedense Yolanda Álvarez. A escritora sostén que "en xullo e agosto teremos que ter un descanso para volver en setembro con máis ganas", xa que "sobrepasamos as expectativas que tiñamos, tanto o Concello coma min cando empezamos. Agora mesmo somos 26 persoas participando do Club de Lectura e estou moi contenta". Sarria xa acollera outras iniciativas de Club de Lectura no pasado, pero a aposta por Yolanda Álvarez foi un acerto: "O Club de Lectura



está triunfando", defende Álvarez, quen foi proposta polo Goberno local e ela asumiu o reto "con ilusión e encantada de que mo propuxera, xa que para min era moi motivadora e atraínte a necesidade de promover a lectura en papel". Así, cre que "é moi necesario impulsar a lectura, tanto en castelán como en galego, e facer comunidade, xa que veñen persoas desde os 15 anos ata persoas de 70, e é moi bonito compartir a actividade". En definitiva, di, "fixemos *pandilla*. Eu traio sempre un doce, chocolate... vounos animando e así a xente tamén se anima e cando hai un aniversario, un Santo... todos traen algo e compartimos. É un ambiente moi chulo", explica.

Patrimonio dos Ancares pide melloras na ponte da Áspera



O colectivo Patrimonio dos Ancares vén de comunicar á Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia e ao Concello de Sarria o mal estado en que se atopa a emblemática Ponte da Áspera, paso secular dos peregrinos para salvar o río Pequeno ou Celeiro no seu camiño cara a Santiago de Compostela, despois de ser alertados por uns veciños.

A ponte, catalogada por Patrimonio, "continúa a deteriorarse ano tras ano. As pedras da calzada desapareceron ou están removidas. Parte das tubaxes están á vista, e cando chove fórmanse charcas, que provoca graves danos estruturais", explican. Piden que se recupere o pavimento, a reposición das pedras e que se elimine a vexetación.

**PERMUY
GESTIÓN**

CORREDURÍA DE SEGUROS

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de junio!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 86 27400 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47
982 53 50 63
610 221 677



SARRIA,
unha comarca con sabor



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia Do Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697



HOTEL & VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Casa de Aza Padron



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 16 30 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL: 639 010 696

“Situamos Sarria nun punto importante no mapa cultural”

María Casar, presidenta da Asociación Ergueitas de Sarria, explica que cambiou de nome en 2018, despois de ser Ergueitos desde o ano 1977

Cando e por que xorde a Asociación Ergueitas?

Antes de ser Ergueitas, a asociación era Ergueitos, que xurdiu no ano 77 despois de que morrera Franco. Naquel momento, foi un momento de efervescencia cultural e soamente estaban Meigas e Trasgos e nós. A intención era mellorar a vida cultural de Sarria, polo que se facían saídas para recoller cogomelos en outono, degustacións, exposicións de artesanía das diferentes zonas de Galicia, concertos de música... Daquela incluso se trouxera a Fuxan os Ventos a actuar nun cine. Ademais, tiñamos colaboradores do campo da sanidade e facíanse xornadas sobre adicción.

A finais dos 90 empezaron a xurdir moitas outras asociacións, algo característico de Sarria, que hai moito asociacionismo que levan diferentes camiños, e Ergueitos non sabía cara a onde camiñar. Así que a principios deste século, coa morte de Fiz Vergara, ocorréusenos, para dar continuidade á asociación, levar a cabo unha actividade diferente e potenciar o noso traballo creando o Premio de Fiz Vergara Vilariño e enfocarnos nesa temática. Ergueitas como tal formouse no ano 2018 despois dunha asemblea na que se decidiu cambiar o nome de masculino a feminino porque case todas eramos mulleres e queríamos reivindicar o traballo feminino e facer visible que estamos aí.

Cales son as actuacións principais da asociación?

Desde o ano 2000 organizamos o Premio de Fiz Vergara Vilariño e centrámonos na coordinación e difusión do premio, que agora xa está

institucionalizado polo Concello de Sarria, que se encarga de dar a dotación económica ao gañador ou gañadora. Nós organizamos o xurado, o ditame do libro, etc. A finalidade deste premio é manter viva a memoria de Fiz Vergara. Outra das actividades que realizamos, coa mesma finalidade, é o Roteiro Fiz Vergara, que consiste nunha ruta por Lúzara por diversos lugares escollidos tras facer unha investigación exhaustiva das poesías do autor, nas que menciona lugares que son os sinalados na nosa ruta. Nas primeiras épocas do premio facíanse unhas ceas literarias nas que participaban artistas de todas as disciplinas posibles: plásticos,



músicos, da danza, da literatura... e nunha desas cea propuxémoslles aos artistas plásticos -que había 13- traballar con nós intervindo, artisticamente, nuns poemas colocados en plena natureza e así ter a conxunción de intervención, poema e artista. Esta iniciativa tivo moi boa acollida, xa que cada artista tiña o

seu poema representado en aceiro e a súa intervención nun material diferente. Por exemplo, Paco Pestama ten a súa en metal, como unha especie campá, e despois da súa peza hai unha fervenza. A de Poy, a de Fernando Yáñez e a de Violeta é de madeira. A de Álvaro de la Vega é de metal e representa un home sobrevoando o río. A de Miguel Macía é de bronce e a de Eduardo Valiña é de lousa. Eses son uns exemplos. Cada un fixo o que quixo. Inaugurado o Roteiro en 2010, fomos mantendo as intervencións pouco a pouco, sendo conscientes de que están ao aire libre e hai un deterioro dos materiais, por iso este ano a intención é levar a cabo unha

restauración da ruta e das pezas en colaboración do Concello de Samos. **Que máis actividades levan a cabo?** Facemos presentación de libros, non só dos nosos, presentamos libros de persoas interesantes. Tamén facemos recitais de poesía, como o de decembro, no que os poetas fixeron composicións litera-



rias por Palestina e temos pensado seguir nesa liña de reivindicación da xustiza polas persoas que están vivindo este xenocidio de Israel en Palestina, sempre desde onde podemos: desde a poesía e a palabra, para que cese esa matanza que están facendo. Xa miramos cara ao outro lado, pero como seres humanos o que está pasando nos ten que facer reflexionar.


Cales son os obxectivos da asociación?

O primeiro é difundir a figura de Fiz Vergara, xa que é unha personaxe querida e respectada como poeta pero tamén como persoa na comarca; e traballar en actividades que recuperen a memoria e recuperar a súa literatura. Isto é bo para que as institucións poñan en valor o potencial humano e artístico que teñen as persoas. Tanto nós como o Concello de Sarria queremos e xa pedimos un Día das Letras Galegas para o Fiz Vergara. Por outra parte, queremos difundir todo tipo de cultura, centrada no ámbito literario. E terceiro, promovemos que exista unha sociedade en feminino e na que teñan cabida os colectivos minimizados.

Por que é importante esta asociación para Sarria?

Una divisa de Ergueitas e Ergueitos, da nosa historia, é situar a Sarria nun punto importante dentro do mapa cultural galego, xa que a cultura, a medida que vai existindo

esta Galicia baleirada e que se vincula moito coas cidades, queremos que Sarria sexa referente cultural. Levamos 24 edicións do premio Fiz Vergara e é un dos máis prestixiosos premios de poesía de toda Galicia; e leva o nome de Sarria por todos os lugares. Dalgunha maneira fai referencia a que nesta vila apóstase pola cultura e por divulgar a figura de Fiz Vergara desta comarca. O propio prestixio do premio é un recoñecemento para Sarria. Pasaron os mellores poetas do país e os gañadores levan o nome de Sarria onde presentan os seus libros; a carreira destas persoas sempre está ligada ao premio. Ademais, traemos o mellor xurado que pode participar e é moi boa a recepción que teñen porque nos coñecen, entón servimos de espello da comarca e levamos a Sarria en todas as accións e actividades que facemos. A ruta prestixia tamén a comarca, xa que veñen dende universidades a facer a ruta para tratar a temática da poesía contemporánea galega, ou os estudos de natureza. Hai moita xente que estivo na ruta e afondou na relación arte-poesía-natureza-creación, e isto serville para facer obras. En definitiva, intentamos enriquecer a vida de Sarria a nivel cultura da mellor maneira que podemos, traendo persoas e actividades interesantes e importantes e levando o nome de Sarria alí a onde imos.



REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

isabelimpiezas@gmail.com

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

O Festival Ultreia et Suseia será entre o 15 e 20 de xullo na vila

A terceira edición do Festival Ultreia et Suseia celebrarase en Sarria entre o 15 e o 20 de xullo. Poderase gozar de espectáculos de narración, dos paseos teatraizados de carácter didáctico Camiño grafías e as dúas grandes novidades deste ano: Contos Sonoros, que unen música e narración, e A Romaxe do Camiño, unha xornada de música o 20 de xullo na Sociedade La Unión e que servirá como espazo de confraternización para persoas de diferentes sensibilidades.

As Camiño grafías, pola súa banda, partirán do centro histórico conducidas por Silvia Mondelo e contarán coa presenza de *influencers* galegos: o 15 de xullo participarán Pepe e Lucas, mentres que o día 17 será Pablo Meixe. Ademais, participarán as asociacións culturais Peleiriños e Meigas e Trasgos, achegando música e baile tradicionais e Rebuldeira Teatro en materia de artes escénicas.

A única actividade de pago será o espectáculo cómico 'Level Up', onde o humorista galego David Perdomo fará un repaso



aos seus 20 anos de carreira. Será o venres 19 de xullo en O Meigallo ás 21.00 horas.

Nesta edición, as asociacións de culturais da comarca de Sarria gañan máis protagonismo. Así, repiten Peleiriños, Meigas e Trasgos e Rúa da Música e súmanse Rebuldeira Teatro, a Banda Municipal de Sarria e a Banda Comarcal de Sarria.

Ademais, créanse os Contos Sonoros, que suman narración e música, e celebraranse dous espectáculos que unen o talento local con nomes referenciais

da narración en Galicia. O 16 de xullo será Carmen Conde e a Banda Comarcal de Sarria, e o día 18 farano Celso Sanmartín e a Banda Municipal de Sarria. Ambas no Paseo do Malecón.

Ademais, mantéñense os espectáculos de narración infantil no Parque do Chanto. O 16 de xullo Bea Campos interpretará 'A Meñiña dous tres Osos' e o día 18 será a quenda de César No, que ofrecerá unha sesión de contos interactiva para os máis pequenos que terá aos animais como protagonistas.

A Trienal Sarria inaugura o seu novo espazo o 23

A Trienal Sarria xa conta co seu espazo propio e autónomo, onde se realizarán as exposicións e actividades centrais que articulan a proposta de TST1.

O programa, co título de 'Arquipélago Interior', tamén se estenderá a outros puntos e dotacións culturais da vila e da comarca de Sarria.

Baixo o nome de A SEDE, este antigo recinto industrial convértese nun novo espazo aberto á veciñanza, á partilla e á experimentación cultural que será inaugurado o próximo 23 de xuño cunha serie de concertos e performaces de acceso gratuito das que se terá información en vindeiras datas.

Louseiro celebra a festa do San Antón

A parroquia de Louseiro, en Sarria, celebra a súa festa do San Antón estes vindeiros 8, 9 e 10 de xuño, que acollerá diferentes actividades para toda a veciñanza e as persoas que se animen a achegarse.

Así, todo comezará o día 8 coa *pancetada* e queimada amenizada polo solista Jose Manuel e o 9, domingo, comezará coa misa maior ás 13.30 horas, seguida da procesión e sesión vermú na que actuará a Banda de Música Comarca de

Sarria, financiado pola Deputación de Lugo. Pola tarde, ás 19.00 horas, terá lugar unha actuación infantil e ás 21.00 horas comezará a festa e verbena coa orquestra Los Satélites.

O luns terá a mesma estrutura, con misa maior, procesión e sesión vermú, pero neste caso acompañada da Banda Louband, que tamén protagonizará a festa da noite a partir das 21.00 horas e que rematará nunha gran verbena.



¡BIENVENIDO AL CAMBIO DIGITAL!

Soluciones digitales para que tu negocio crezca, ¡Desde 2.000 € hasta 12.000 €!

El Programa Kit Digital es una iniciativa lanzada por el Gobierno de España, con ayudas de entre 2.000€ y 12.000€, cuyo principal objetivo es subvencionar y ayudar a las PYMES en la implementación de soluciones digitales para conseguir un avance significativo en el nivel de madurez digital.

Servicios relacionados con el Kit Digital:


- Diseño de página web y presencia en Internet
- Diseño de tienda online y comercio electrónico
- Gestión de redes sociales

Somos mucho más que una agencia de publicidad
Somos tus agentes digitalizadores en Sarria (Lugo)

C/ Matías López N°38, Bajo G · (+34) 621 29 13 53 · www.aitorsl.com



red.es



“Intentamos que a xente estea tranquila e que marche feliz”

Falamos con María Mercedes Herrera Herrera, responsable do negocio Tourist Home de Sarria, co que xestiona pisos turísticos

Como xorde Tourist Home?

Tourist Home xorde a raíz de que eu sempre traballei no ámbito do turismo e da hostalaría, sendo camareira, pero sempre me gustou a xestión. Un día, o que era o meu xefe e dono do restaurante onde eu traballaba comentoume que tiña un piso e aí xurdiu a idea de xestionar pisos turísticos. Comecei o ano pasado, en 2023, xestionando catro e agora teño tres, que están todos na vila de Sarria.

Cales son os obxectivos do negocio?

O obxectivo é sacarlle unha rendibilidade a pisos que están sen utilizar, que quizais teñen un dono pero que non vive en Sarria e ten o piso baleiro. Sarria é unha zona e un núcleo ao que chega moito peregrino, polo que é un negocio que vai ben.

Ademais, tamén se lle ofrece ao turista, xa que temos clientes de todo tipo, un lugar onde poder descansar de forma máis privada que noutros establecementos.

En que consiste o traballo?

Estes pisos alúganse por tempadas, é dicir, eu empezo en marzo e traballo con eles ata o 31 de outubro, 7 meses. Neste primeiro ano de traballo, na tempada pasada e a xa comezada, puideron pasar por aquí xa case mil persoas. Levo un ano e estou soa facendo toda a xestión online a través da plataforma na que se anuncian os pisos, falo coa xente, entrego as chaves, xestiono o diñeiro, e ademais encárgome da limpeza e lavandería dos pisos.

Por que ese nome?

Suxeríumolo a miña neta porque pensabamos en algo que tivera que ver co turismo e que a xente se sinta como en casa, por iso pensou que Tourist Home sería un bo nome, e en inglés, porque a maioría dos nosos clientes son peregrinos e son de fóra, polo que o pensamos no idioma máis internacional.

Como son os pisos que se ofrecen?

O primeiro é un ático que está nunha das rúas principais de Sarria e na praza da Vila. Ten unha gran terraza e é un sitio precioso,

do está na rúa Greco. É un piso máis pequeno pero novo e reformado, con dúas habitacións e capacidade para catro persoas. Ten unha cociña de estilo americano integral e tamén terraza. É un sitio moi tranquilo e hai zona de aparcamento a ambos lados da rúa. O terceiro é o máis pequeno. Ten unha habitación e capacidade para dúas persoas, é o máis privado, incluso se pode acceder a el sen ter que quedar comigo porque ten unha clave para poder entrar. Está localizado na rúa Marqués de Ugena, a dous minutos da Igrexa Santa Mariña, polo



onde se ve toda a zona antiga e a Igrexa de Santa Mariña. Ten catro habitacións e ten capacidade para ata nove persoas. O segun-

do tamén se atopa nunha zona céntrica da vila, no casco antigo e en pleno Camiño de Santiago.

Ademais de peregrinos, que tipo



de clientes teñen?

A maioría dos nosos clientes son peregrinos, pero tamén veñen familias que veñen pasar uns días a Sarria de vacacións, xente de negocios que veñen un día para facer unha xestión, tamén veñen persoas por algunha festa como o San Xoán ou algún festival como o Ribela Love Nature ou concentracións de motos...

Como é o trato con eles?

Hai unha comunicación boa, tanto de maneira online como en persoa cando vou entregarlles as chaves. Explícolles todo e estou á súa disposición para calquera cousa que necesiten, sempre estou dispoñible no teléfono e nunca tivemos un problema. Por iso temos boas valoracións e a xente recoméndanos. Ata temos clientes fixos cos que falamos directamente por teléfono, que quedaron moi contentos a primeira vez e repiten e aconsellan a outros amigos e familiares a vir aos nosos pisos. Intentamos que a xente estea tranquila e contenta, e que marche feliz e nos recomende. Tanto é así que temos xa o 50 % de reservas completas para todo o ano e nos tres pisos, polo que temos moita aceptación. Estamos nun núcleo súper importante, xa que os que van comezar o Camiño, quedan

en Sarria, e os que veñen de Pedrafita, Triacastela ou Samos, tamén quedan en Sarria. Os pisos turísticos ofrecen ao peregrino unha experiencia diferente con respecto a outro tipo de establecementos que se ofrecen a este tipo de turista, xa que no noso caso ofrecemos máis privacidade, unha habitación individual e un baño para estar máis cómodo e tranquilo.

Hai algún proxecto de futuro?

Queremos que a empresa medre, e para iso necesitamos máis pisos que se poidan utilizar para o turismo. Por iso animamos a todas aquelas persoas que teñan un piso que non utilicen e que se está deteriorando, que o poñan a disposición de Tourist Home. De todo o diñeiro que se xera do aluguer destes pisos, o propietario lévase o 80 % e eu o 20 %, ademais de cobrar unha parte tamén por facer a limpeza e a lavandería, xa que, se non, terían que contratar eles unha empresa. O propietario, ademais, pode establecer en que período quere deixar ou ter a disposición o seu piso e fírmase unha especie de semi-contrato no que se establece todo o necesario para poder operar con el de forma satisfactoria para as dúas partes.





TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052



SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

O I Encontro Máxico no Rural polas parroquias foi todo un éxito

O I Encontro Máxico no Rural de Sarria, organizado polo mago Roberto Lolo da man do Concello de Sarria os pasados días 18 e 19 de maio, foi todo “un éxito e unha sorpresa pola gran recepción do público”, algo que Roberto Lolo define como “increíble e inesquecible”. Concretamente, manifesta que contaban con que houbera 10 ou 20 persoas por actuación, pero “só no Oural”, explica, “houbo máis de 100 persoas”. Desta maneira, o mago sarriao resalta que “non podo describir o cariño recibido e o agradecemento da xente por levarlles a maxia ao rural”. Desta maneira, o sábado 18 comezou a xornada en San Pedro de Froián, onde actuaron MagAldara e Samuel Moreno. Despois, foron ata Louseiro, onde actuaron MagAldara e Roberto Lolo, e finalmente remataron en Vilamaior, onde actuaron Samuel Moreno e Roberto Lolo. Pola súa parte, o domingo as actuacións máxicas seguiron na pa-



arroquia de Corvelle co Mago Iago e Samuel Moreno, en Vilapedre con Román García e o Mago Iago, e finalmente en Oural, con Roberto Lolo e Román García. Esta iniciativa, que foi desenvolvida polo Goberno local no Concello de Sarria, celebrábase por primeira vez co obxectivo de achegar a maxia e a actividade cultural ás distintas parroquias do municipio sarriao, “promovendo sorrisos entre os máis pequenos e as súas

familias”.

Por todo isto, Roberto Lolo sostén que o ano que vén haberá unha segunda edición e quixo agradecer a todo o público a súa asistencia, xa que “Sarria, as súas parroquias e a súa xente teñen unha das relacións máis bonitas e agradecidas pola maxia, e eu estarei sempre aí para intentar facelos felices e que teñan unha maxia de calidade, próxima, alegre e para entreter e divertir”, concluíu.

O IES Xograr Afonso Gómez fai actividades

O IES Xograr Afonso Gómez de Sarria acollerá, o vindeiro 11 de xuño, unha charla impartida polos ‘influencers’ Pepe e Lucas baixo o nome de ‘Reflexos compartidos’. Nela, os dous rapaces influentes falarán sobre diversos temas, como os perigos das redes sociais e de internet, así como ofrecerán o seu punto de vista sobre a figura do creador de contido. Desta maneira, todo o alumnado do centro poderá asistir a este evento e aprender o necesario para dedicarse ao mundo das redes sociais, cada vez máis atraínte, pero sabendo tamén o que conleva. Por outra banda, desde o instituto lánzanse dúas actividades para implicar a todos os membros da comunidade educativa. O 14 de xuño, familias, alumnado e profesorado poderán gozar dunha sesión-obradoiro coa escritora de literatura infantil e xuvenil e ilustradora, Estefanía

Padullés, enmarcada no programa ‘Lectura e familias’. Ademais, Padullés realizará outras sesións o día 19 de xuño, só co alumnado, para fomentar a lectura daquelas publicacións que teñen coma soporte a ilustración e tamén a exploración entre a mocidade das formas de expresión do cómic, o manga e a banda deseñada. Aproveitarase a campaña deste ano ‘Unha biblioteca escolar en viñetas’ para traballar arredor dese eixo temático. E tamén organizase unha saída en bicicleta en familia, en colaboración co club DHG Team, para o vindeiro 15 de xuño. Esta actividade busca promover o tempo de ocio activo entre os membros da comunidade educativa. Realizarase un percorrido que rematará na praia fluvial da Pobra de San Xiao. Haberá remolques para bicis e un coche de apoio. A idea é rematar cun xantar.



PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI

¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en 2ª segunda pizza familiar

-25% en 2ª segunda pizza familiar

Martes
Fam. Jamón e Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Balac Sarria
T. 982 012 026

CAFETERÍA EL PARISIEN Comida para levar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 * T. 982 530 491 * SARRIA

cafe CUBAN bar

COMIDA PARA LLEVAR

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO '22

Matías López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

TAPERIA ¡¡¡ATO

Raciones a medida
Comidas por encargo

COMIDA PARA LLEVAR

AVDA BECERREA 15, SARRIA - 982.047.528

Moitas e diferentes actividades neste mes

O Concello de Sarria fixo público o seu programa cultural para o mes de xuño, que conta cun variado conxunto de actividades para todos os públicos. As actividades deron comezo a fin de semana pasada co mercado solidario Malicounda Teranga e Corpus, que acolleu alfombras florais na rúa Maior.

O 7 de xuño presentárase o poemario 'Novembro,' de Pura Tejero ás 20.00 horas na casa da cultura. Ao día seguinte, a igrexa do Rosario, acollerá, ás 20.00 horas, 'Pangea' coa Banda de Música da Comarca de Sarria e Abraham Cupeiro. Continuará a programación o sábado 15, tamén ás 20.00

horas cun Encontro coa Coral Irmandade de Sarria na Sociedade A Unión. Destaca tamén a presentación do poemario 'Unha casa onde vivir', de Inmaculada Núñez Núñez, gañadora do XXIII Premio Fiz Vergara Vilariño, o martes 18 ás 20.00 horas na casa da cultura. Previamente ao San Xoán, o xoves 20 haberá un concerto de Clarisaxos no paseo do Malecón, ás 20.15 horas, e tamén a obra 'Meixeverso', de Pablo Meixe, na casa da cultura, ás 21.15 horas.

Tamén, dentro da programación xeral, inaugurarase o espazo artístico A Sede, o domingo 23 ás 19.00 horas, na rúa Ramón Cabanillas.

'Dende Sarria cara ó mundo', o programa de conciliación de verán

Desde o vindeiro 1 de xullo e ata o 30 de agosto, o Concello de Sarria levará a cabo o programa de conciliación de verán baixo o nome de 'Dende Sarria cara ó mundo', no que se ofertan 620 prazas para nenos e nenas de entre 4 e 10 anos.

Este ano, o programa terá como eixo a interculturalidade e organizaranse diferentes actividades arredor deste tema, tanto para os máis pequenos de Infantil, que estarán no Ceip Frei Luís de Granada, e para os de Primaria, que desenvolverán as actividades no IES Gregorio Fernández.

Este programa divídese en tres servizos con diferentes horarios: Madrugadores, de 7.30 a 9.30 horas; Ludoteca, de 9.30 a 14.00 horas; e Friameira, de 14.00 a 15.30 horas. Ademais, ofértanse 155 prazas por quincena (75 de Infantil e 80 de Primaria) e dividiranse tamén en grupos que irán guiados por un monitor. Entre as actividades, destacan os talleres, as excursións, e outros actos e eventos, segundo a idade dos nenos e nenas, e as familias estarán implicadas desde o principio e ata o final do programa.

A vila acolleu o III mercado solidario Malicounda Teranga

Sarria acolleu o pasado 2 de xuño o III mercado solidario Malicounda Teranga, organizado polo colectivo Hospitaleros Sin Fronteras na Praza de Santa Mariña, onde houbo actividades infantís, un mercado de artesanía senegalesa de segunda man, gastronomía de Senegal e música. O mercado solidario estivo formado por casetas de roupa, libros, complementos, xoguetes de segunda man doados á ONG e artesanía de Senegal traída da última viaxe solidaria, da que forman parte teas africanas, bolsos, carteiras, cestería e obxectos de decoración de madeira... Ademais, o alumnado do colexio Rosalía de Castro de Bóveda elaborou xabóns elaborados a man que tamén estiveron nos postos do mercado.

Durante a xornada, o máis pequenos gozaron de actividades infantís, como pintacaras, un taller de máscaras e un de pintura impartidos por Creartecendo. Tamén



houbo música, que correu a cargo dos sarriáns Malditos Roedores, con temas soul, rock, blues, swing e jazz; e tamén o selector sarrián Jor Ginho. O broche final púxoo o grupo Batuko Tabanka, formado por mulleres caboverdianas afinadas na Mariña, unha formación paradigma de dous pobos, Cabo Verde e Galicia, separados por case 3.500 km.

Ademais de bailar, os asistentes

puideron degustar unha tapa de Yassa Poulet, un prato tradicional senegalés de arroz e pito, xunto coa empanada senegalesa.

Hospitaleros sin Fronteras contou tamén cunha caseta onde explicou o seu traballo no país africano e a súa loita pola defensa e a protección dos nenos talibé, labor que leva realizando desde o 2015. Con todo, o diñeiro irá destinado aos nenos e nenas talibé.

Antonio Er Mago estará no XIX Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria

O mago sarriao Roberto Lolo vén de anunciar as datas do XIX Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria, que será os vindeiros 22, 23, 24 e 25 de agosto, como sempre en diferentes localizacións da vila sarriá. Ademais, vén de confirmar o primeiro artista que estará neste recoñecido festival do mago que tamén promoveu recentemente o I Encontro de Maxia Rural. Este será Er Mago Antonio, que estará por primeira vez en Galicia e que Roberto Lolo pre-



senta como o "el flamante finalista e botón de oro da última edición de Got Talent España."

Er Mago Antonio virá desde Chiclana de la Frontera ata Sarria para que todo o público disfrute "do seu bo humor e simpatía", tal como explica o mago sarriao, e engade que o considerado 'Hijo secreto de Flo' "desborda humor, maxia e alegría, aparte de ser unha persoa excelente, próxima e que me fai moi feliz que todo o público sarriao o coñeza".

C-27-000501

YTÚ
¿CÓMO
HABLAS?

TRASTORNOS

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_marll@hotmail.com

TAPERIA
J | JATO

TAPAS
RACIONES
COMIDA POR ENCARGO

Avda. Becerreá 15. Sarria
TLF.: 982 047 528

COMARCA

A Deputación aproba máis de 2,2 millóns de euros para seguir mellorando a rede viaria

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investimentos de máis de 2,2 millóns de euros para continuar mellorando a mobilidade na provincia, sacando adiante actuacións para renovar a rede viaria provincial e tamén para o seu mantemento. Así o informou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, tras a reunión deste venres.

En canto aos proxectos en estradas, explicou que son catro as vías provinciais que se verán beneficiadas, que discorren polos concellos de Friol, Outeiro de Rei, Begonte, Cospeito, Lugo, Guntín e Paradela.

Por unha banda, aprobouse a adjudicación das obras de acondicionamento dun novo tramo do Cinto Comarcal, a LU-P-1611, ao seu paso por Friol, Outeiro de Rei e Begonte por un importe de algo máis de 700.000 euros. Os traballos afectarán ao treito que vai desde o punto quilométrico 49 ao 57, e teñen un prazo de execución de 3 meses, pero a empresa adjudicataria comprometeuse a telos rematadas en 5 semanas. Consistirán na limpeza de cunetas, drenaxe, pavimentación e sinalización correspondente.

En Cospeito, a Xunta de Goberno aprobou a adjudicación de obras de mellora na LU-P-1702, que vai desde Feira do Monte a Fontefría polo Pino, cun investimento de preto de 92.500 euros e tamén saíu adiante a adjudicación de obras de mellora na estrada pro-



vincial que une Lugo con Guntín, a LU-P-2913, cun investimento de 192.000 euros.

Ademais, outro proxecto que quedou adjudicado consiste na renovación dunha estrada provincial ao seu paso polo termo municipal de Paradela. Trátase da LU-P-4202, entre Pacios e Currelos por Aldosende, entre os puntos quilométricos 3,5 e 5, cun investimento de case 80.000 euros. Os traballos consistirán na drenaxe, a pavimentación e a sinalización. O prazo de execución é dun mes.

ROZA NAS ESTRADAS. Por outra banda, na Xunta de Goberno déuselle o visto bo á adjudicación, por máis 1,2 millóns de euros, dos traballos de desbroce de estradas provinciais ao seu paso por 34 concellos. En concreto, trátase das tarefas correspondentes con 11

lotes do contrato, que son os que afectan aos concellos do Vicedo, Viveiro, Xove, Oourol, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Lourenzán, Mondoñedo, Abadín, Cospeito, Rábade, Outeiro de Rei, Guitiriz, Begonte, Baleira, Baralla, Lán cara, Becerreá, As Nogais, Cervantes, Pedrafita do Cebreiro, Antas de Ulla, Monterroso, Portomarín, Palas de Rei, O Páramo, Paradela, Sarria, Bóveda, A Pobra do Brollón, Monforte de Lemos, Pantón e Sober.

A duración do contrato é de dous anos, con posibilidade de prórroga por un ano. "Este contrato para acometer os desbroces da rede viaria provincial está dotado con máis de 3 millóns de euros e está dividido nun total de 24 lotes, dos que adjudicamos once, hai un par de semanas outros cinco, e nas vindeiras semanas adjudicaremos os restantes", lembrou a deputada.

O último tramo da autovía AG-22 de Nadela a Sarria inicia o trámite de información pública



O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, visitou a contorna dos 13,5 quilómetros do segundo e último tramo da nova autovía AG-22 (Nadela-Sarria) comprendido entre A Pobra de San Xiao (Láncara) e Nadela, o cal suporá un investimento de 35 millóns de euros. Na súa intervención, Rueda resaltou as vantaxes que suporá este treito grazas ao desdoblamento do corredor Nadela-Sarria ao seu paso polos concellos de Lugo, O Corgo e O Páramo. "O sur da provincia de Lugo vai quedar conectado coa súa capital e a partir de aí con outras vías de alta capacidade", resaltou. A previsión é "rematar o 2025 coas obras licitadas e se é posible tamén adjudicadas para poder comezalas en 2026", aínda que por agora só se iniciou o trámite de información pública e avaliación ambiental. O avance na conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria forma parte do compromiso adquirido coa veciñanza da comarca e tamén dos establecidos para os 100 primeiros días de Goberno da Xunta.

RESPOSTA DO PSOE. A secretaria de Organización Provincial do PSdeG na provincia de Lugo, Pilar García Porto, pediulle ao presidente da Xunta "máis traballo para avanzar coas obras de desdoblamento do corredor Nadela-Monforte, xa que levan anos e anos de atrasos con esta obra, non é precisamente para sacar peito, senón que debería darlles vergonza". Nas súas palabras, a socialista explica que "é urxente que se poñan a traballar para completar esta importante arteria de comunicación por estrada dun xeito serio e rigoroso e se deixen de enganar á veciñanza, porque o máis probable é que non vexamos inaugurado este treito de 16 quilómetros ata, polo menos, o 2026".

"O que debería facer a Xunta de Galicia é redactar un proxecto global para executar o desdoblamento dos quilómetros que faltan para completar o corredor, un total de 54", lembrou. "Ata o de agora o único que vimos foi unha política da Xunta de executar a pedazos pequenos e iso non serve, porque temos que facer unha análise máis global da situación".

Tapisa, s.l.
TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185
Crt. Comarcal 546, km 21 Sarria

CARPINTERIA METÁLICA

NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

VIMETAL TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camilo Francés 43, 27600 Sarria - Lugo
Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

triacastela

Melloraranse diferentes vías co plan Deputación



O Concello de Triacastela dedicará os 200.000 euros que lle corresponden do plan Deputación en mellorar camiños e accesos a núcleos de poboación. Desta maneira, dedicando 100.000 euros do presuposto, ampliarase unha pista no núcleo do Teixo e acondicionaranse os accesos da Pena, en Biduedo e a Meizarán, así como tamén se mellorará a vía de acceso ao Barrio-Toldaos. Pola súa parte, outros 19.655 euros irán para subvencionar o Servizo de Axuda no Fogar e

63.945 euros para a contratación de persoal. Finalmente, parte do plan Deputación tamén se utilizará para actividades sociais e culturais, como 2.500 euros para organizar unha excursión cultural e o magosto popular de outubro e 5.311 euros para o transporte das persoas que participen dun curso de natación. Ademais, a Festa do Peregrino contará tamén con 2.500 euros e a Feira da Artesanía e Produtos da Zona terá 3.000 euros para a súa organización.

A parroquia de Biduedo celebra as súas grandes festas

A parroquia do Biduedo de Triacastela celebra as súas grandes festas na honra a San Pedro 2024 o vindeiro 29 de xuño. Nesta xornada, a festa comezará ás 13.30 horas coa misa solemne e sesión vermú no campo da festa co Dúo Eclipse.

Xa pola noite, haberá unha gran verbena co grupo de música tradicional Merenzao a partir das 21.00 horas, logo será a quenda da cena popular e ás 23.00 horas volverá a festa co Dúo Eclipse e o Dúo Estrelas.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluta
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

O colexio contará cun novo parque infantil o vindeiro curso

Desde a Anpa do Ceip de Samos, conxuntamente coa dirección do centro educativo e a colaboración do Concello, están impulsando diferentes iniciativas para mellorar o colexio.

Para comezar, pintouse unha aula do centro educativo e en verán pintárase outra para mellorar o espazo no que se desenvolven as clases, así como se construírá un novo espazo dedicado á lectura e o ocio, con espazo de xogo incluído para os nenos e nenas de todas as idades.

Por outra parte, colocáronse uns vimbios aos que, cando crezan, se lles dará forma de cabana para promover un espazo cuberto e que dea sombra para os nenos e as nenas, que tamén contarán cunhas mesas e bancos para desfrutar da zona exterior do centro educativo.

O máis significativo é que, grazas á colaboración do Concello de Samos e da Deputación de Lugo, contarán cunha axuda coa que desenvolverán unha nova zona de parque in-



fantil para os nenos de entre 3 e 12 anos, adaptados ás necesidades de todos. Por iso, tamén colaboran coa Plataforma Diversa da Comarca de Sarria, que axuda a seleccionar os elementos necesarios que debería conter o parque, como un bambán niño redondo, un balancín con respaldo e algúns paneis.

Ademais, teñen planeado colocar unha especie de viñado de ferro para plantar plantas de kiwis e uns bancais de madeira na horta "para poñelo todo bonito" e, ao lado, as mesas e cadeiras para que as usen

os nenos e nenas. Tamén queren levar a cabo arranxos na horta a través dalgúns obradoiros.

Por último, desde a Anpa sosteñen que farán todo o posible para que este ano os nenos e nenas de Samos conten, de novo, con campamento de verán, que será gratuito para as familias socias da Anpa e cun custo simbólico para as que non o son e haberá unha festa de fin de curso para alumnado e familias que contará con Anxo Moure, colchonetas, festa da espuma e diferentes xogos.

Aínda se pode consultar o Plan Básico Municipal do Concello

O documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan Básico Municipal do Concello de Samos están a exposición pública ata o vindeiro 14 de xuño. Así, todas as persoas poderán enviar as súas observacións e suxestións a través do formulario informático habilitado no portal web

da Consellería, a través dun correo electrónico ou mediante un escrito na sede electrónica da Xunta ou na rede de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro. No Plan Básico de Samos recóllese o recoñecemento da situación dos núcleos de poboación e a necesidade de favorecer

a rehabilitación das edificacións do municipio fronte a novas construcións. Ademais, inclúe os elementos protexidos, como o Camiño de Santiago e o Mosteiro, así como 72 bens arqueolóxicos, 24 igrexas, 134 arquitecturas civís e populares e 50 elementos do patrimonio etnográfico.

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

Segue exposta a mostra fotográfica sobre migración

O Concello de Samos acolle a exposición 'Nós tamén fomos migrantes. Fotografías da Axencia EFE sobre a emigración española no século XX' da Axencia EFE. A mostra, que estará exposta ata o vindeiro 23 de xuño, está na Biblioteca Municipal e consta de 40 imaxes da emigración procedentes do arquivo da axencia. Ademais, o alumnado samanense participou da charla 'Fálame da emigración', reflexionando sobre motivacións para emigrar, as dificultades e aprendizaxes.

“Temos que valorar máis o noso, como a olaría de Samos”

Falamos con Hixinio Flores, presidente da Asociación Canaveira de Samos, que nace en 2017 para promover o coñecemento da cerámica de Samos

Como xorde a asociación?

A asociación Canaveira de Samos xorde no ano 2017 como unha agrupación de xente interesada na arqueoloxía, arquitectura e patrimonio de Samos e de Galicia por dar a coñecer a olaría e a cerámica de Samos, da provincia de Lugo e de Galicia. Así, xuntámonos eu, como presidente; Lolo, como ceramista do Corgo, que é o vicepresidente; Caldas, que é o tesoureiro, e Xaime Fernández, o secretario; e comezamos a falar con coleccionistas de obxectos de cerámica antiga de Samos para dar a coñecer á xente o oficio da olaría e a construción de pezas de cerámica que forman parte da nosa cultura e do noso patrimonio. Queríamos poñer en valor a cerámica de Lugo, que foi referente desde a época romana. É máis, os fornos de olaría que hai en Lugo son moi difíciles de atopar noutros lugares e por iso criamos que tiñamos que poñelo en valor. Por outra banda, o amor por esta parte da historia vén da miña persoa, xa que era algo que me gustaba, a min apaixoábame a cerámica, e non queríamos que as pezas de Lugo marcharan para Barcelona ou ao estranxeiro, polo que decidimos facer algo para que a xente lle dera valor ao que temos. Agora estou moi contento, xa que se ve como a xente vai dándolle importancia ás pezas que antes atopabas tiradas diante das casas. Agora úsanse como decoración, xa que é patrimonio material que forma parte da nosa identidade e que hai que

conservalo e mostralo.

Que actividades levan a cabo?

Para dar a coñecer a cerámica que se producía en toda Galicia e principalmente en Lugo, empezamos pola de Samos, porque era a menos coñecida e era unha cerámica que debía ser valorada, xa que ten unhas características propias que a definen, como o barro ou a morfoloxía. Hai pezas asombrosas como as que temos na exposición de ‘Conciencia dunha tradición’ no Vello Cárcere que están datadas e son pezas únicas que forman parte do noso patrimonio material e que debemos conservar. Ademais, asociado á cerámica son os fornos, que posúen portas abovedadas que non se dan noutro lugar de Lugo e cunhas características propias, polo que tamén nos propuxemos dar a coñecer e conservar

Santa María coa cerámica de Samos e de Lugo, logo fixemos outra no Museo Provincial coa cerámica de Samos que logo se levou ata o Museo do Pobo Galego... E agora temos a de olaría de Samos, Bonxe, Mondoñedo e Gundivós no Vello Cárcere. Ademais, publicamos un libro sobre Samos: ‘Samos. Formas tradicionais da cerámica popular’, que fixemos conxuntamente Orlando Viveiro e eu hai catro anos e grazas á Deputación de Lugo, que colabora con nós e financiou o libro. A iniciativa foi nosa, pero está a asociación detrás, se non hai xente non podíamos facelo. Tamén colaboramos nun libro similar de Gundivós tamén.

Estase conseguindo o obxectivo de dar a coñecer o patrimonio?

Eu estou convencido de que a xente está empezando a valorar o que



os fornos; que non se tiren. Por iso, contactamos con coleccionistas privados, fixemos exposicións, como a que fixemos na capela de

temos. Antes, a xente tiña “cacharros” fóra da casa tirados sen saber que eran ou para que servían, e agora non atopas nada diso. A xente



te empezou a darlle valor a eses elementos e consérvaos, facendo incluso de elemento decorativo das casas. E isto tiña que pasar con todos os elementos que forman parte da nosa identidade. Temos que valorar máis o noso, porque imos a outros sitios e vemos como hai cousas que están hiper valoradas e nós temos que valorar o que temos, o que somos e sobre todo o que fomos. Moitas veces temos en casa cousas ás que non lle damos valor como a cerámica, a porcelana, etc. e mercamos cousas de fóra que non teñen tanto valor. Pero tamén ten moita responsabilidade a administración, que ten diversos elementos patrimoniais abandonados, como os hórreos ou os muíños, que se caen e non se fai nada. Desde a nosa perspectiva intentamos facer o máximo posible, esa é a finalidade da asociación.

Cales son os proxectos de futuro?

Se tivéramos tempo e nos axudarían teríamos feito máis libros de Samos e de Bonxe, e faltan os de Mondoñedo e de Gundivós. Logo, tamén queremos conservar a arquitectura asociada á cerámica, como os fornos. Aínda que estean pechados, teñen valor, xa que é unha herdanza dos nosos pais, que se mataron para facelo e forman parte da nosa identidade. A xente

te agora empeza a concienciarse ao facer actividades no forno de Samos, que estaba cuberto de silvas e hoxe en día todo o mundo o coñece e está limpo e arraxado. Incluso xente de fóra vén para coñecer e ver a arquitectura. Isto dálle identidade a Samos e é unha forma de promocionar a riqueza de Samos. As perspectivas de futuro é facer actividades para seguir dando a coñecer o que temos, pero tamén nestes actos xuntamos persoas do pobo que poucas veces falan entre elas e fanse actividades bonitas con pinchos. En Samos hai moita poboación envellecida, entón pasan un bo rato con actuacións e música. Nós non dispoñemos de nada, pero toda a xente que queira colaborar e participar das nosas actividades, nós encantados, porque é un ben común. É unha forma de unir ao pobo arredor dun obxectivo común. E tamén estamos intentando que se coñeza o forno das Tellas do Mosteiro de Samos, pero hai que buscar financiación, dar a coñecer información e logo conservalo, ademais queríamos ver se se podía facer unha ruta onde se vexan os restos dos fornos... E o seu patrimonio natural. É interesante para calquera concello e para a xente do lugar.

LIQUIDACIÓN DE EXPOSICIÓN

DESCONTOS EN:

- MOBLES DE SALÓN**
- DORMITORIOS**
- APARADORES**
- MESAS DE CENTRO**
- ENTRADAS**
- E MÁIS...**

VEN A MUEBLES CELEIRO E TRANSFORMA O TEU FOGAR

Carretera LU-546 km. 16 Vilapedre 9 Sarria - Lugo Tel. 982 532 451 Mov. 625 662 962

ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha **comparativa de aforro** personalizada:

Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía eléctrica galega. Concedida en 1997 polo goberno.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

Tres novos artistas no Festival Tremeterra



Os organizadores do Tremeterra Fest veñen de confirmar novos artistas que actuarán no Encoro de Vilasouto do Incio. Dub Mono Hi-Fi, o grupo de *soundsystem* compostelán formado por High Nebra, Iliam Keys, Ayman selektah, Dubba Dread e Bongo Palm, actuará o día 30 de agosto. O grupo forma parte da organización do Tremeterra Fest dende o seu nacemento e, por terceira vez consecutiva, sonorizarán a primeira xornada do festival pero cunha gran novidade: a liña de *subgrave* formarase cunha nova configuración de 6 hog scoops. Ademais, High Nebra actuará el só tamén o 31 de agosto.

Pola súa parte, tamén actuará Wandem Sound System que vén dende Burdeos, Francia, un colectivo formado por vellos amigos apaixonados pola cultura sound system do Reino Unido e influenciados pola escena dub de Burdeos. Desde o *roots* ata as producións modernas do *dub stepper*, presentarán a súa sección de trompetas en vivo 'The Hornsmen Section', con Lix no trombón e Natty e Francis en saxofón, para "presentar unha experiencia musical e física", din.

Por outra banda, tamén confirmaron a Toroki, produtor de Heavy Dub e activista de SoundSystem. Unha gran base do seu traballo é a colaboración con MC Isayah. No seu proxecto musical tamén traballa coa flautista PiyaZawa ou cantante Dantey.

A terceira confirmada é Ginette, de orixe francesa, compositora, produtora e intérprete en vivo de música dub, unha apaixonada do xénero, completamente inmersa na cultura do Sound System. Ginette tamén é compositora e intérprete de Ollyficators e cofundadora do selo independente Wahha Records. Activista e comprometida con representar e expandir o lugar da muller no mundo do reggae e dub, tamén forma parte do colectivo Sound Women United.

O último, pola súa parte, é Lewis Bennett, produtor de roots e steppers de Doncaster, Reino Unido. O seu estilo combina o son do roots reggae coa guitarra flamenca, creando un estilo único. O seu recente disco de 12" 'Roots Man Trod' foi un dos favoritos entre moitos sistemas de son, sendo un habitual last lune nos bailes de Channel One Sound System.

As Cavarcas organiza actividades culturais coa Deputación de Lugo

A Asociación As Cavarcas, xunto coa Vicepresidencia da Deputación de Lugo, organizou unha formación sobre a elaboración de cestería na que 14 veciños aprenderon a elaborar cestas de vimbio coa artesá Beatriz Valín. Dende a asociación destacaron a importancia desta formación que reunirá un grupo de participantes unha vez ao mes. Ademais, organizaron unha xornada de cultivo de



cogumelos á que asistiron 25 persoas do Incio, de Bóveda, de Sarria, Monforte e Ourense; na que as asis-

tentes crearon os seus viveiros de cogumelos con palla, abono e troncos de madeira para levar a casa.

O Goberno local reparará o lucernario do Concello e a cuberta dun local

A Xunta de Galicia concedeulle ao Concello do Incio unha subvención de 18.000 euros, que o Goberno local utilizará para reparar o lucernario da casa do Concello e a cuberta dun local. O lucernario, que é de *policarbonato*, está bastante deteriorado, xa que o material foise degradando co

paso do tempo e sufriu danos por unhas tormentas de saraiba, polo que o substituirán por outro novo, pero manténdoo en *policarbonato*. Pola súa parte, o local situado entre o consistorio e o antigo mercado gandeiro, que serve de brigada contra incendios no verán, tamén será obxecto de melloras,

xa que se quitará a actual cuberta de fibrocemento e porase unha de panel sándwich. As obras son financiadas con cargo a unha liña de axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos do Instituto de Estudos do Territorio, organismo dependente da Administración autonómica galega.

O Sonoro Maxín estará no Festival Terra Brava o vindeiro 24 de agosto

Os organizadores do Festival Terra Brava do Incio confirman o último grupo que actuará no seu evento os vindeiros 24 e 25 de agosto, O Sonoro Maxín, que naceu no verán de 2007 a partir do reencontro de vellos amigos e coñecidos da música galega, que formaban parte

de diferentes proxectos como Lamatumbá, Cinnamon, Gum, Mutenrohi e The Pigmaliões. Así, estreáronse en Ourense o 20 de decembro. Desde entón percorreron nos anos seguintes toda a xeografía galega con máis de 150 concertos, nos que compartiron escenario con mú-

sicos como Manu Chao & Radio Bemba Sound System, Shantel & Bucovina Club Orkestra, Os Delinquentes ou Tonino Carotone. Desta maneira, no Terra Brava actuará Charanga Sin Control, O Val das Mouras, Guezos, Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre, e O Sonoro Maxín.

Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza
Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA
COLOCACIÓN DE PIEDRA
ESTRUCTURAS DE NAVES
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

O Incio

Miguel Angel Moscoso Mao é o coordinador do PSOE no Incio e posible portavoz trala marcha de Laura Celeiro

“Como proxectos de futuro, subir o número de concelleiros na corporación municipal sempre é unha aspiración para o noso partido”

Miguel Ángel Moscoso Mao sempre sentiu unha necesidade por formar parte da vida política e reivindicativa, polo que con vinte e poucos anos afiliouse ao Partido Socialista da súa vila natal, O Incio, á vez que tamén comezou a formar parte de Comisións Obreiras. “Entre compañeiros e amigos convencéronme para formar parte das listas nas eleccións do Concello do Incio e encabecei a proposta para os comicios, sendo eu o único concelleiro durante moitos anos. Despois retireime un pouco e decidín volver porque as situacións son como son. E agora, trala marcha da portavoz e exalcaldesa, Laura Celeiro, asumirei probablemente eu a portavocía, e, entre Darío, Iria e eu buscaremos un novo candidato ou candidata que asuma a cabeza do PSOE para liderar as listas dos vindeiros comicios locais en 2027. A situación foi complicada pero tivemos que asumila con forza para seguir adiante”, explica Moscoso.

Con respecto ao papel da oposición, un lugar no que estivo sempre, defenden que “hai certas cousas que hai que asumir, xa que cunha maioría absoluta é moi difícil competir e hai obras que se están facendo e que para nós non son prioritarias, pero hai que asumilo. Non se pode estar

sempre en contra das obras, pero tampouco a favor sempre. Para nós hai cousas que non se fan, entón dicímolo e propoñemos que se fagan cousas que cremos importantes”.

Así, tamén di que o papel da oposición é “controlar que se faga o que se promete e que se faga ben”, aínda que subliña que “con maioría absoluta tampouco se pode facer moito”. A pesar disto, o PSOE axuda á veciñanza escoitando os seus problemas, pedindo obras que “entendemos que son primordiais” e estando aí para a xente, o que supón sacrificios, tal e como explica o coordinador socialista, quen explica que “todo este traballo, leva tempo e historias. Tes que ir á outra punta do Concello a falar con compañeiros e veciños das súas necesidades e iso ten un custo de tempo e a nivel económico importante, xa que nós tampouco gañamos nada economicamente. Hai que ter tempo e agora eu teño, pero hai que entender que supón esforzo”. Ademais, explica que ás veces “algún veciño protesta porque nos pide que levemente para el é importante e logo non sae adiante e queixasenos a nós. É razoable que a xente pida cousas, iso está dentro da vida normal da oposición, igual que gobernando che van dicir cousas”, sostén.

ACCÍONS DE FUTURO. Para Miguel, o obxectivo de futuro máis claro é seguir traballando polo Concello e subir o número de concelleiros, que “sempre é unha aspiración”, sostén. Mentres, a nivel individual explica que el non aspira a ser alcalde, “nin moito menos”, xa que debe liderar a cabeza de lista unha persoa “con ganas de facer un proxecto socia-



lista con futuro para O Incio, no que se poden incluír os pactos de Goberno con outras formacións políticas, como BNG, que esperamos que volvan ter representación na corporación municipal, ou partidos independentes que se poidan formar”, explica. Ademais, argumenta “agora mesmo o pobo non está moi contento, polo que debería haber un cambio que fíxese que os que quedamos, que somos poucos, estiveramos mellor”. Por iso, defende que as necesidades do Concello do Incio comezan coa mellora dos accesos a diversos núcleos de poboación, como o de Outeiro a Toldaos; terminar o acceso de Reboiro a Santa Cristina, “que se arranxou a primeira parte, pero o segundo tramo do camiño está como está... Para nós, estanse facendo obras que non son primordiais, como o do miradoiro, o de mercar muíños e restauralos... Esas cousas están moi ben pero o primordial é que as persoas que quedamos vivin-

do aquí no Concello poidamos ter uns accesos bos ás diferentes aldeas, porque iso é o primordial para os veciños”, explica.

Por outra parte, sostén que “o Concello é de todos, non do alcalde nin dun partido concreto, polo que hai que facer as cousas para o ben común”. Así, cre necesaria a compra da caseta onde se atopa a fonte e manancial de Augas Férreas da Ferrería, “xa que foi expropiado e agora están vendendo o terreo a trozos e nós intentaríamos comprar a fonte para que sexa dos veciños, coa axuda da Xunta porque pertence a Augas de Galicia. Gustaríanos restaurar a caseta da fonte e o outro era un hotel, o tema é o da auga. Eu entendo que iso sería principal para o PSOE, antes que restaurar muíños”, explica. Ademais, destaca que as augas desta construción é considerada como un balneario, xa que as súas augas son recoñecidas como boas para tratar certas doenzas e enfermidades como a anemia.

AUDÍFONOS SIEMENS
DISCRETOS, VERSÁTILES, CON PILAS O RECARGABLES

Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

OFRECEMOS LA REHABILITACIÓN AUDITIVA QUE MEJOR SE AJUSTA A TUS NECESIDADES

PRUEBA DE AUDÍFONOS SIN COMPROMISO DE COMPRA
PIDE TU CITA EN: 982 531 191 / 669 548 976

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com

ATENCIÓN FAMILIAR
SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE
DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.
DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

Celebrouse a XXVII Festa dos Maiores



O Concello do Páramo e o Concello do Incio celebraron as súas Festas dos Avós. No caso do Páramo, celebrouse a XXVII edición da Festa dos Avós, que acolleu sobre 300. As persoas asistentes participaron nunha comida popular no pavillón polideportivo, na que participou

o alcalde do Páramo, José Luis López, e outras persoas da política provincial. Ademais, no evento, homenaxeouse a Purificación López, de 95 anos, e a Jesús Rodríguez, de 94. E tamén se entregou un chaveiro a todas as persoas asistentes co escudo do Páramo.

O 6 de xullo terá lugar a décima xornada 'Descubriendo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa'



O Páramo acollerá a décima xornada viaxeira 'Descubriendo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía' o vindeiro 6 de xullo. Esta será a última xornada do I ciclo de xornadas viaxeiras do Xeodestino e Guido Guía, que iniciarán o II ciclo este mesmo verán. Benjamín

García, Verónica Arias (concelleiros do Concello de O Páramo), Lucía Sánchez (técnico do Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa), e Guido Álvarez (impulsor do proxecto Guido Guía) anunciaron que se volverán a reunir historia, cultura, natureza, gastronomía e música.

Volven ao Páramo as Feiras de Primavera do 7 ao 9 de xuño



O Páramo acollerá, un ano máis, as súas Feiras de Primavera entre o 7 e o 9 de xuño, cumprindo a súa edición 26, na que haberá, como novidade, unha poxa de Africor de gando frisón, que se desenvolverá o día 8 de xuño despois da que se celebrou en Sarria durante a Feira de San Isidro. Os organizadores, a Asociación de Amigos do Campo da Feira, teñen

todo preparado para a celebración das Feiras, que contan co apoio do Concello do Páramo, e que se desenvolverán no campo da feira.

O pregón darao a nova conselleira de Medio Rural, María José Gómez, o venres 7 de xuño ás 14.00 horas e o protagonismo das feiras será para as reses, xa que o ano pasado participaron uns 140 animais e este ano

cóntase cunha cifra similar, e tamén estará presente o sector cabalar, xa que haberá unha exhibición de doma de cabalos o día 9 de xuño. Ademais, haberá exposición de maquinaria agrícola, artesanía, roupa, alimentación e pulperías, e actuacións musicais de grupos folclóricos e tamén das orquestras Compostela e Suavecito e o grupo Fusión Latina.

O obradoiro de emprego Ponte de Areas VII actúa no campo da feira

O Páramo conta cun novo obradoiro de emprego, o Ponte de Areas VII, compartido cos concellos de Guntín e O Corgo, no que traballan uns 20 alumnos, dos que seis están traballando xa no Páramo. Así, están a construír beirarrúas na contorna do campo da feira, preparando o terreo para as Feiras de Primavera. Desta maneira, levarán a cabo a

construción dunha beirarrúa de 170 metros lineais na vía que une a casa do Concello cunha nave municipal, pasando polo pavillón polideportivo. Por agora, levantaron un muro de contención e están dotando de arquetas e canalizacións de auga, electricidade e alumeadado público, así como están deixando lista a rede de telecomunicacións. Despois das

Festas de Primavera, porán formigón na beirarrúa e a obra finalizará xunto a unha leira e unha nave, así como levarán a cabo o peche na fronte da parcela en 60 metros e, na nave, pintarán por dentro e por fóra. Ademais, o obradoiro de emprego tamén ten previsto crear unha beirarrúa nunha vía de terra que rodea o campo da feira.

**FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.**

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

MADERAS GUILLAR

COMPRAMOS MADEIRA DE TODO TIPO: CASTAÑO, CARBALLO, PINO, EUCALIPTO
(fincas de calquera tamaño)

ENCARGÁMONOS DE TODO PAGO INMEDIATO

645 958 789 (Pablo)
660 517 860 (José Angel)

CHÁMENOS SEN COMPROMISO

“Aprendemos, pasámolo moi ben e estamos todos xuntos”

O alumnado de 3º de Primaria do Páramo remata a primeira tempada do seu podcast ‘Voces do Páramo. A casa dos contos’

Flavia, Ana, Dani, Isaac e Uxía son os nomes dos cinco alumnos e alumnas que están a desenvolver o podcast ‘Voces do Páramo. A casa dos contos’ do Ceip Plurilingüe do Páramo. Cada un dos compoñentes deste grupo ten oito anos e moitas ganas de seguir gravando capítulos, aínda que por este ano rematan co

dícanse a ler contos infantís e en galego, interpretando coas súas voces as distintas personaxes que aparecen nas historias e así que o proxecto sirva como podcast e audiolibro á vez.

Da man do seu titor de 3º de Primaria, Toni, quen lles proporciona todo o material que necesitan -un micrófono, un ordena-

divídense os papeis, para que cada un faga o seu, e logo, en dúas clases do venres, nas que Toni ten só aos de 3º -xa que, noutros momentos hai desdoblamento de aulas e xúntanse na mesma alumnado de 1º, 2º e 3º de Primaria-, e aí é cando aproveitan a intimidade da aula para gravar o podcast, no que se van dicindo as frases por orde e dándose paso uns aos outros.

Esta actividade, que se comezou a facer a partir de marzo, foi impulsada polo profesor Toni, quen xa tiña en mente levar a cabo un proxecto interdisciplinar, xa que ademais de beneficiar a comprensión lectora do alumnado, así como a capacidade para falar en público e a mellora na dicción; tamén serve para aprender matemáticas, xa que analizan o número de visitas que obteñen en cada podcast subido; así como aprenden Ciencias Sociais, xa que investigan de onde son esas visitas e descubren lugares como Río de Xaneiro, tal como explica Toni.

“É unha actividade que nos gusta moito porque estamos xuntos e pasámolo ben”, sostén Ana, outra das pequenas implicada no proxecto e que mostra, a pesar da súa timidez, unha ilusión e paixón polo proxecto. Esta timidez tamén é compartida por Dani e Uxía, que responden as preguntas a duras penas, mentres que a Flavia e a Isaac se



cuarto, que xa subiron á súa canle de Spotify e que se chama ‘O coelliño branco’, que vai sobre un coello que vai a unha horta e aparece unha cabra que se mete na casa do coello, e aparecen diferentes personaxes asustadas pola cabra, ata que chega unha formiga que vence á cabra.

Flavia, a máis lingoreiteira, di que o podcast serve para as persoas que non poden ler, poidan escoitar diferentes contos, xa que estes pequenos e pequenas de-

dor e unha gravadora de audio-, o alumnado desenvolve todo o proceso de preproducción, gravación e edición de vídeo por si mesmos, sempre orientados e guiados por Toni, pero cunha aposta clara pola aprendizaxe significativa e a posta no centro do alumno para que sexa o protagonista do seu propio proceso de coñecemento.

Así, Flavia, Ana, Dani, Isaac e Uxía elixen cada mes un libro infantil que lles interesa e despois



lles escoita ben; porén, durante a interpretación dos roles cada un asume o seu por completo e marcha a timidez para dar paso á perfecta representación da historia.

PROXECTOS FUTUROS. Coa chegada de xuño, os escolares rematan o curso o día 21, polo que ‘O coelliño branco’ será o último capítulo de ‘Voces do Páramo. A casa dos contos’ deste ano, pero non dos vindeiros, xa que tanto o alumnado como o profesor teñen moitas ganas de seguir levando a cabo esta actividade. “Temos moitos proxectos por sacar adiante con respecto ao podcast, xa que non só queremos ler contos, tamén queremos facer outras actividades nas que o alumnado poida deseñar os seus propios guións”, sostén Toni, quen, ademais, quere implicar a todo o alumnado nesta iniciativa, non só aos de 3º, que serán os que axuden aos demais a entender o funcionamento do podcast e todo o que conleva. “Estamos preparados para ser futuros profesores doutros alumnos aos que lles queremos ensinar o que

facemos, porque é moi guai”, sosteñen os cinco.

Por outra banda, como proxectos de futuro, o profesor do colexio do Páramo, no que actualmente hai 45 alumnos e alumnas, quere promover tamén a creación dunha rockband de música na que o alumnado poida compoñer os seus propios temas, xa que el é músico e amante da música e cre que sería unha “moi boa iniciativa” para levar esa paixón ao alumnado, facendo que, de novo, aprendan por si mesmos e sexan artífices da súa aprendizaxe, “xa que todo coñecemento debe partir do alumno, e canto máis pequenos, mellor”.

Este profesor innovador, Toni, é de Albacete, pero leva 11 anos en Galicia e 3 no colexio do Páramo, impartindo as súas clases en galego e promovendo actividades innovadoras para o alumnado dun colexio na zona rural que teñan o galego como base e centro e así promover a supervivencia do idioma mentres que os nenos aprenden noções básicas e cultura, competencias clave da aprendizaxe do alumnado na Educación Primaria.

AS RODAS

NUEVA GERENCIA

MENU ESPECIALIDAD EN PARRILLA

Buffet libre churrasco 29€

Incluye: ternera, cerdo, pollo, criollo, chorizo, patatas, ensalada, pimientos de padrón, postre, bebida, café y chupito.

Menú diario 12,50€
Menú fin de semana 15€

Churrasco siempre incluido en el menú
Amplio horario de cocina de 11h a 17h.

Celebración de eventos / Habitaciones
Tels. reservas: 634 494 540 / 982 546 749
Lugar Valiña 7, Sarría

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS
PUERTAS
ARMARIOS
COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

láncara

Non sae adiante a reprobación de Olga Capón no pleno

O alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, presentou no último pleno unha moción para a reprobación da portavoz do PP, Olga Capón, por levar a cabo, segundo di o rexedor, "ataques infundados cara ao Concello, en lugar de traballar en colaboración con el e contribuír á súa mellora, o que xerou un clima de confrontación e falta de cooperación, que dificulta o desenvolvemento das tarefas municipais e a relación entre os membros da corporación". Así, o rexedor pediu reprobación a Capón por un "presunto uso indebido de medios públicos e descalificacións cara ao Concello", mentres que Capón defendeu que visitou os puntos limpos acompañada dun axente

medioambiental, para revisar estes lugares nos que "o alcalde non actúa, unha cuestión da que levamos meses preocupándonos e reclamando accións por parte do Goberno local nos distintos plenos", e sostivo que o seu deber é "velar polos intereses de todos os veciños". A reprobación quedou sen aprobar, pero si que se aprobou en pleno a ordenanza que regula a taxa polo uso do solo público para actividades lucrativas, establecendo prezos que van desde os 0,47 euros ata o 1,42. Pola súa parte, o PP pediu no pleno o arranxo de pistas en Cedrón, Monseiro e Toirán e preguntou sobre a lista de espera do SAF e polo obradoiro de emprego.

Val de Láncara pide a mellora da pista de Traveselas

A Asociación Cultural Val de Láncara organizou unha tarde de xogos na pista de Traveselas, onde din que "rimos e pasámolo moi". A pista, que foi posta en marcha polo Concello de Láncara hai arredor de 15 anos, é un espazo deportivo "con moitas posibilidades para a práctica de deportes varios", explican

desde a asociación, que tamén destaca o desfrute de nenos e adultos. Así, desde o colectivo defenden que, tras os 15 anos da súa posta en marcha, "é preciso levar a cabo unha serie de obras que permitan dotala dos servizos necesarios, como o seu peche polos laterais ou adecentar o entorno".



PINTOR
PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

**PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE**
659 767 936

**HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES**
C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)



PRESUME DE JARDÍN
—
CON LA CALIDAD PREMIADA DE LA BATERÍA VITAL.

UNA BATERÍA PARA TODAS TUS MÁQUINAS

DESCÚBRERLAS EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL.

OFERTA PRIMAVERA 2024





Pedro Saco 33, Sarria.
Telf. 982 532 202

paradela

O Certame Manuel-Orestes Rodríguez López xa ten gañadores

O Concello de Paradela acolleu a celebración do fallo da XXIX edición do Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López, promovido cada ano polo Goberno local.

Nesta edición do certame presentáronse 1.147 obras, das cales 462 corresponden á categoría de poesía e 640 a narrativa, das que 45 son da modalidade especial do Camiño de Santiago. A obra de poesía 'Quando sobre un bloque de luz cabalga tu voz', de Luis Lexandel Pita, foi a obra gañadora elixida polo xurado. Mentres, o segundo posto foi para Manuel López Rodríguez, coa obra 'Poema once chanzos'. Con respecto ás obras de narrativa, o primeiro premio foi para 'Misterioso asesinato



nos cines vellos do Norte', de Cristóbal Silva Poceiro. O segundo correspondeu a 'Lágrimas que no caerán', de Iván Zarco Pareja. Por último, outorgouse o premio de mención especial Camiño de Santiago a Jesús

Curros Neira pola obra 'O Camiño esquecido'. O xurado estivo formado pola alcaldesa, Montserrat Mulet; o tenente de alcalde, José Manuel Mato Díaz, Xulio Xiz, José Antonio Giz e Ángel Fernández, fillo predilecto.

O Goberno local levará a cabo diversos proxectos



O Concello de Paradela está a dedicar os fondos do plan Deputación para arranxar e mellorar varios camiños municipais, xa que conta con 289.000 euros deste plan para o exercicio deste ano. Concretamente, 6.000 euros van ser destinados a acondicionar os accesos aos núcleos de Fruxinde, na parroquia de Ferreiros, o núcleo de Cexedo, en Castro de Rei de Lemos e A Vila. Por outra banda, utilizaranse 50.000 euros do plan Deputación para mellorar o camiño de Val do Couto, en

Castro de Rei de Lemos, e 35.000 euros para pavimentar o acceso de Rosende a Santa Cristina. Tamén se mellorarán os accesos ao campo da festa de Barán desde o cruce de Cadeiras e a Paredes de Abaixo, que contará con 96.700 euros da Deputación e parte financiado polo Concello de Paradela. Por outra parte, dedicaranse 15.500 euros da partida para financiar o Servizo de Axuda no Fogar e 32.600 euros para reforzar o emprego e a contratación de persoal no municipio.

O primeiro encontro de vehículos do municipio será o día 8

A Asociación de Mulleres de Paradela, cuns rapaces afeccionados ao motor do municipio, organizan este 8 de xuño a primeira edición da KDD Shotsontheroad, un encontro de vehículos no que participarán case 200 coches clásicos, modernos e de tuning. Así, os vehículos, que virán de todas partes da provincia de Lugo, quedarán no mercado gandeiro ás 11.30 horas. Durante a xornada contarase con *foodtrucks* e haberá sesión vermú e Dj, así como haberá unha proba de son, sorteos e entregaranse recoñecementos ao vehículo máis antigo ou ao chegado desde o punto máis lonxano.

Recoñécese a primeira agrupación forestal de xestión conxunta

A Asociación forestal de propietarios Ribeira de Sucasato de Paradela vén de ser recoñecida oficialmente pola Xunta de Galicia como agrupación forestal de xestión conxunta. Desde a empresa de consultoría enxeñeira e forestal ambiental Foresin, onde traballa, seguirase apoiando o colectivo, realizando o plan técnico de xestión no que estarán definidos e programados os traballos a levar a cabo nos terreos agrupados. Así, os veciños e propietarios das leiras poderán ir definindo as ideas polas que se decidirá que tipo de utilidade produtiva se lle dá aos terreos, xa que están preto do río Loio e a idea principal é a recuperación de castaños.



Vazquez Autos



pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

DEPUTACIÓN

A Deputación destina 30.000 euros ao impulso do pequeno comercio

O presidente, José Tomé Roca, asinou un acordo de colaboración co presidente da Federación de Comercio, José María Seijas, para apoiar o funcionamento da oficina técnica que o colectivo ten en Lugo e na que traballan 8 persoas para informar e asesorar aos establecementos e asociacións do sector.

A institución provincial achega 30.000 euros ao colectivo para o funcionamento da oficina técnica de información e asesoramento ao comercio da provincia, un servizo que conta con 8 traballadores.

José Tomé afirmou que institución provincial renova esta colaboración no marco do seu compromiso de seguir apoiando ao tecido empresarial porque “manter unha oficina de asesoramento é crucial para o seu desenvolvemento e crecemento”. “Seguimos traballando para impulsar a economía local e brindar oportunidades aos emprendedores, axudarlles no seu día a día, dándolles respaldo e os recursos necesarios para que poidan desenvolver a súa actividade. Os nosos comerciantes



locais son máis que simplemente vendedores: son membros activos e valiosos da nosa comunidade”.

Para o mandatario provincial é “moi importante que estas oficinas estean en Lugo porque supón unha vantaxe importante para os comerciantes da nosa provincia que se poden achegar en persoa dende os seus negocios a resolver calquera dúbida ou realizar calquera xestión cos técnicos, ao igual que tamén os técnicos acoden aos comercios para informarlles en persoa de campañas ou proxectos que están desenvolvendo, por exem-

plo”, resaltou.

Puxo en valor o asesoramento que prestan dende a Federación porque “contribúe a mellorar e potenciar a competitividade do comercio de proximidade”. “A Deputación é consciente do papel fundamental que teñen os pequenos negocios na economía local e provincial e na xeración de emprego”. Así mesmo, incidiu en que esta axuda servirá para traballar nos retos que teñen por diante, “que pasan por sensibilizar aos consumidores da importancia de mercar nos establecementos de proximidade”.

O BNG defendeu no Pleno un acordo nacional pola lingua galega

A deputada Iria Castro, responsable de Cultura no goberno provincial, sinalou ao Partido Popular como o “partido do non ao galego”, despois de que o grupo popular votase no pleno en contra dunha proposta para traballar a favor dun acordo nacional polo futuro da lingua galega, que reverta a tendencia de perda de falante que se ven dando de forma moi acusada na última década.

Iria Castro puxo en valor a capacidade e relevancia económica e social da creación musical, audiovisual e

editorial en galego “a pesar das trabas que o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza pon á creación en galego”, poñendo como exemplo o recorte do 60 % nos recursos para fomentar a dobre ao galego, e incidiu na necesidade de medidas que “palien a sangría de falantes, sobre todo entre as xeracións máis novas”

A proposta, aprobada no Pleno polo goberno provincial pese ao voto en contra do PP, insta á Xunta de Galiza a elaborar unha nova Lei de Normalización Lingüística, que actualice e

adapte á realidade da sociedade galega actual o texto de referencia para a normalización social do galego e a elaborar un novo decreto para os usos lingüísticos no ensino.

Tamén demanda recuperar os niveis de investimento en políticas lingüísticas, potenciando o investimento en contidos dixitais de calidade, en galego, dirixidos á mocidade e crear dunha rede verdadeiramente estruturada e coordinada de servizos de normalización lingüística de carácter territorial.

Presentan nun congreso o sistema de atención aos maiores da entidade



A Deputación de Lugo acolleu a xornada *A prestación de servizos de calidade ás persoas maiores nos municipios de pequeno tamaño como estratexia contra o despoboamento*, organizada pola Fundación Democracia y Gobierno Local en colaboración coa propia institución provincial. O congreso, ao que asistiron un centenar de persoas, reuniu a expertos e profesionais do sector da prestación de servizos sociais que destacaron a rede pública de Centros de Atención a Maiores da Deputación como exemplo de políticas útiles para favorecer o benestar social e afrontar o reto demográfico, e, polo tanto, como estratexia eficaz para fixar poboación.

“Apostando pola calidade, pola proximidade, pola universalidade duns servizos públicos que non deben contemplarse como gasto a fondo perdido, senón como un dos mellores investimentos que podemos facer no rural se de

verdade queremos contribuír ao mantemento e recuperación da súa poboación”, engadiu. Rivera Capón sinalou que “a atención á terceira idade é unha das prioridades da nosa provincia. Unha obriga sanitaria, un compromiso de xustiza social ineludible e tamén un elemento clave para reverter as tendencias demográficas adversas que continúan a drenar a poboación do rural”. Ademais, “ninguén quere, nin pode, vivir nun lugar no que non haxa escola infantil, colexio, médico ou servizos de atención aos maiores que lles permitan recibir os coidados que precisan sen ter que marchar do seu entorno familiar”. Ademais, destacou que atendendo a criterios da Organización Mundial da Saúde (OMS), Lugo debería contar con 4.863 prazas de residencias e lamentou que “o Goberno da Xunta presume de que ten 400 prazas públicas e preto de 1.000 en residencias concertadas”.

CREADOS

- PSICOPEDAGOGIA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACION PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27800 Sarría (LUGO)
626 21 86 28

ESO

INFANTIL PRIMARIA

CLÍNICA PODOLÓGICA maitelópezalonso

ESPECIALIZADOS EN

Podología Deportiva, Infantil
(Estudios Biomecánicos y posturales con análisis informatizados de la pisada en la marcha y la carrera)

Quirocirugías y Quiropodias (uña encarnada, helomas, papilomas)

Ortonixia (corrección y reeducación de uñas encarnadas)

Tratamientos con LÁSER de última generación
Tratamiento de múltiples patologías como: verrugas plantares, onicomiosis (hongos) o procesos inflamatorios (tendinitis, fascitis...), cirugía de helomas (callos), uña encarnada, etc.

C/ Rosalía de Castro 3, Entlo A
Puebla de San Julián, Lugo Frente al centro médico
☎ 982 543 978 - 688 901 978
mailto:maitelal@yahoo.es

Nº R.S.C-27-000688
Nº Colegiado: 838270828

DEPORTES

O Campionato de España Sénior Masculino de Pitch&Putt celebrouse no campo do Pilar



O Campo de Golf O Pilar de Sarria, situado en pleno Camiño de Santiago, acolleu o Campionato de España Sénior Masculino de Pitch&Putt, un evento deportivo de alto nivel que tivo como escenario o campo sarriano, despois de celebrarse en lugares como Madrid (2023), Alacante (2022), Xixón (2021), Benalmádena (2020) e Murcia (2019).

Marcos Gómez Domínguez corrouse como campión cun total

de 150 golpes, mentres que o subcampión, Simón Daniel Varela Novoa, fixo 157 golpes. En hándicap, o primeiro clasificado foi José López Moncayo, con 160 golpes netos, e o segundo clasificado foi Juan Adoitar Espinosa, con 161 golpes netos. Pola súa parte, o mellor xogador sarrián na clasificación foi Francisco Poy, conseguindo un sexto posto con 163 golpes totais e tivo tamén premio Fausto Alen por conseguir un oco durante o torneo.

O IX Torneo Memorial Pedro Canoa desenvolverase na Ribela

O IX torneo memorial Pedro Canoa, organizado polo equipo SD Sarriana coa colaboración do Concello de Sarria e o apoio da Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia, desenvolverase os vindeiros 7, 8 e 9 de xuño no estadio municipal da Ribela de Sarria. Nesta novena edición participarán 24 clubs e 72 equipos chegados das provincias de Lugo, Ourense, A Coruña, a comunidade autónoma de Asturias e León, o que suma a asistencia de máis de 850 futbolistas.

As categorías nas que se organiza o torneo son prebenxamín, benxamín, alevín e infantil e os organizadores do evento din que o obxectivo é promocionar o fútbol base e promover os valores tales como o respecto, convivencia e disciplina. "Isto, ademais, súmase á localización en que



nos atopamos, en pleno Camiño de Santiago, e cunha ampla suma de cultura que leva a que os clubs que nos visitan poidan gozar de todo iso", explica Josito López, coordinador da SD Sarriana.

Os inscritos son: A.D. Bosco, S.D. Sarriana, C.F. Monforte, Ural-Español C.F., S.D. Becerreá, Real Sporting de

Gijón, S.D. Ponferradina, C.D. Corgo, A.D.C. A Piringalla, S.C.D. Milagrosa, C.P. Calasancio, E.F. Polvorín, S.D.C. Residencia, Pabellón Ourense C.F., Sada C.F., S.D. Burela, C.D. Lugo, C.D. Ponferrada City, C.P. Casás, A.D.C. Sagrado Corazón, U.D. Ourense, S.D.C. San Roque, A.D. Ferroviaria e Maristas C.F.

70 vehículos participaron na primeira Festa do Motor 4x4 de Sarria

A primeira Festa do Motor 4x4 organizada polo Concello de Sarria e o club Os Carro x Catro acolleu a participación de 70 vehículos no polígono industrial O Morelle, onde se instalou un circuito con probas de velocidade e obstáculos. Ademais dos participantes, o evento acolleu centos de afeccionados que se achegaron ao polígono de todas as provincias de Galicia e tamén viñeron persoas de Asturias, que destacaron o bo



desenvolvemento das probas e pediron máis iniciativas deste tipo. Desde o club Os Carro x Catro

anunciaron que intentarán que a cita sexa anual, coincidindo co peche de temporada de rutas.

Sarria acolle o XXXIV Torneo Fútbol Sala San Xoán

O XXXIV Torneo Fútbol Sala San Xoán de Sarria 2024 desenvolverase os vindeiros 21, 22 e 23 de xuño no pavillón José Mario González do Chanto e xa se poden apuntar as persoas interesadas. A inscrición de equipos será de 150 puntos e os premios serán de 1.500 puntos para o equipo campión, de 700

puntos para o subcampión, de 250 puntos para o 3º e o 4º clasificado e de 150 puntos para o 5º, 6º, 7º e 8º clasificado. O desenvolvemento do torneo estará limitado a 24 equipos, que competirán entre eles para conseguir o éxito e, sobre todo, pasalo ben nunhas xornadas deportivas no municipio sarriano.

CARPINTERÍA METÁLICA



- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?*

*SOLO SARRIA
(CASCO URBANO)

¡SÁCALE RENTABILIDAD
YA A TU PISO!!!



TOURIST HOME

GESTIÓN DE PISOS
TURÍSTICOS

Tfno: 650 082 298

GESTIONAMOS
TU PISO
A LA CARTA

NOS ENCARGAMOS
DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

INFÓRMATE SIN
COMPROMISO

O XVI Campus Baloncesto no Camiño será do 13 ao 20 de xullo

A XVI edición do Campus Baloncesto no Camiño desenvolverase, este ano, entre o 13 e o 20 de xullo e no que poderán participar os nenos e nenas nados entre 2007 y 2016 é dicir, que teñan entre 8 e 17 anos. Este ano espérase unha gran participación, como a do ano pasado, no que se acolleron 160 rapaces e rapazas de moi diversos puntos do territorio galego e tamén de Castela e León, Madrid, Euskadi ou Ceuta.

No campus, perfeccionarase o xogo do baloncesto cos mellores adestradores e, ademais, aprenderase inglés coas actividades en grupos e adestramentos bilingües.



Ademais, realizaranse adestramentos de técnica individual, así como haberá rotación por estacións para que todos os adestradores poidan traballar con todos os grupos. Tamén contarán con

actividades na piscina.

Con todo, o último día do campus terá lugar a exhibición final dos participantes para ensinar ás súas familias o que aprenderon durante esa semana de adestramentos.

O Club Xirandela de Sarria segue sumando éxitos deportivos


O Club Xirandela de Sarria participou na II Fase do Campionato Provincial de nivel escolar, nivel promoción e nivel prebase en Monforte, onde sete de nove equipos conseguiron clasificarse para o Campionato Galego. Así, o conxunto prebenxamín escolar conseguiu acabar como campión provincial, o conxunto benxamín escolar foi subcampión provincial, o conxunto infantil escolar tamén quedou subcampión provincial e o conxunto infantil promoción tamén acadou ese título. Ademais, os conxuntos alevín M e P escolar e o xuvenil promoción acadaron medallas de ouro; mentres que o conxunto de iniciación escolar conseguiu unha de prata e o cadete escolar unha de bronce. Estes resultados deron pé a



que o Club Xirandela se desprazase o 26 de maio a Lugo para disputar o Campionato Galego Escolar, no que conseguiron clasificarse 3ª campioas de Galicia co grupo prebenxamín, ademais de quedar 5ª

nos conxuntos de iniciación e infantil. Por todo isto, defenden que están "súper orgullosas do traballo das nosas ximnastas, que defenderon os seus exercicios como unhas campioas", defenden desde o club.

Gussy conseguiu unha medalla de bronce



Juan Pedro Durán, máis coñecido como Gussy, presidente do Club Billar Snooker Sarria, vén de conseguir a súa cuarta medalla nacional da Real Federación Española de Billar desde a existencia do Club. Concretamente, Gussy acadou unha medalla de bronce na modalidade de Bola 8 dos Campeonatos de España de Pool Sénior que tivo lugar en Santiago no Club de Billar Teo. Ademais, conseguiu finalizar 9º nas moda-

lidades de Bola 9 e Bola 10.

"Aínda estou centrado na disciplina de snooker e non entreno as demais, aproveito para competir cando se me presenta a oportunidade", subliña o deportista. Ademais, di que estes resultados a nivel nacional "demostran a a regularidade nos últimos meses nas modalidades nas que compito e me animan a seguir adestrando e mellorando nas distintas disciplinas", sostén Gussy.

O I Campus de Fútbol O Incio CF será en xullo

O Concello do Incio colabora co O Incio C.F. na organización do I Campus de Fútbol O Incio CF que se vai celebrar do 22 ao 26 de xullo no Campo Municipal do Carboeiro. O campus é mixto para idades de 6 a 16 anos e levarase a cabo de 10.00 a 14.00 horas. A actividade vai estar dirixida e impartida por Roberto Díaz Mourelo, 'Ruboi', adestrador do equipo do Incio C.F. A data límite para inscribir-

se é o 14 de xullo e o prezo é de 70 euros, incluíndo a actividade deportiva e formativa a cargo do adestrador, o equipamento deportivo, o seguro, o almuerzo diario e media mañá e o diploma final. As prazas son limitadas a vinte persoas participantes, sendo dez o número mínimo de prazas a cubrir. Poderán apuntarse os interesados a través do número 690 071 629.

INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

20

ANOS

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Os castros romanos de Triacastela

O municipio triacastelán conta con cinco castros romanos que se reparten ao longo da xeografía do Concello

En Triacastela existen cinco castros recollidos como patrimonio etno-gráfico do municipio e todos eles teñen orixe romana debido ás súas dimensións, emprazamento e morfoloxía.

O **Castro de Triacastela** é un xacemento castrexo situado no cume dun outeiro situado entre os ríos Santalla e o regacho dá Ribeira, no núcleo de Ramil. Trátase dun asentamento de pequenas dimensións que domina o curso de ambos ríos e toda a contorna. O asentamento consta dun recinto principal grande e de forma case circular. Un parapeto delimita todo o seu contorno, sendo máis acusada a pendente ao sur, mentres que ao nordeste reforzan a súa función dous fosos de pequenas dimensións seguidos doutros dous parapetos. Por outra banda, non parece que existan grandes labores de acondicionamento do terreo para conseguir unha maior nivelación da superficie habitable, xa que esta é bastante horizontal e sen obstáculos visibles. Debido á cobertura vexetal de carballos e silvas, non é posible documentar ningunha estrutura, salvo a acumulación de pedras no recinto e no sector sur do parapeto, onde un muro substitúe a cara exterior da muralla.

Pola súa parte, o **Castro de Cileiro**, tamén castrexo, atópase na zona máis alta dun pequeno esporón na marxe esquerda do rego de Ríos, en San Salvador de Toldaos. Este pequeno asentamento domina o curso medio do río e consta dun único recinto de reducidas dimensións, de forma case circu-

lar, delimitado ao norte e este por dous fosos, o primeiro de reducidas dimensións e o segundo que forma parte dunha explotación mineira da época romana. Ao oeste só se aprecia un terraplén de pequenas dimensións, que pode ser o resto dun foso suavizado polos labores agrícolas, mentres que ao sur, hai unha pequena elevación do terreo. Por outra banda, a superficie habitable ten bastante pendente en dirección este, pero non presenta obstáculos visibles que dificulten a súa ocupación. Debido a que na actualidade toda a superficie do asentamento está cuberta por unha densa capa de silvas, carballos e fentos non foi posible documentar ningún tipo de estrutura interna, pero aparecen concentracións de pedras que poden ser restos de derrubamentos pola acción antrópica.

O terceiro castro é o **de Lagares**, que se sitúa no cume dun outeiro entre os ríos Teixedo e de Santalla cun amplo dominio dos cursos de ambos ríos e da súa contorna, no núcleo de Lagares. O asentamento, de considerables dimensións, ten planta case circular delimitada por un parapeto que, polo exterior alcanza unha altura de cinco metros e dun metro e medio polo interior. Hai un foso seguido dun pequeno parapeto que reforza a función do foso e que parece seguido, nalgúns zonas, doutro foso suavizado polos labores agrícolas. Xusto neste sector apréciase un recinto secundario separado do resto do terreo por un corte brusco. Parece que o acceso ao recinto se produciría polo sueste,



onde se conserva unha entrada. O recinto interior presenta unha superficie horizontal e sen obstáculos visibles que dificulten a súa ocupación. Hai acumulacións de pedras, procedentes probablemente de derrubamentos das estruturas habitacionais, moi alterados polos labores agrícolas. Atendendo á dimensión, emprazamento e morfoloxía, pode ser de orixe prerromana.

Por último, hai dous xacementos castrexos na parroquia de Santa María do Monte, o **Castro de San Andreu** e o **Castro de Santa María do Monte**. Con respecto ao primeiro, este atópase sobre a cima dun pequeno outeiro na marxe dereita do rego de Ríos, dominando unha ampla zona do seu curso e toda a contorna circundante, no núcleo de Fompernal. Ten forma ovalada e trátase dun xacemento de amplas dimensións que abarcaría a cima

do outeiro. O asentamento delimitase por un terraplén que rodea todo o recinto, configurando así unha ampla zona amesetada, cunhas condicións moi boas de habitabilidade. Presenta unha zona aterrada que podería formar parte do recinto e que está ocupada por prados. A plataforma habitable configura unha ampla zona chaira, con lixeira pendente ao sueste, sen obstáculos que impidan a súa ocupación. Con respecto ao segundo, o **Castro de Santa María do Monte**, este sitúase sobre a cima dun espigón terminal do Monte, na marxe esquerda do río Longo. Trátase dun asentamento de pequenas dimensións que domina unha ampla zona polo sur, leste e nordés, mentres que polo norte e nordés queda abrigado polo terreo circundante. O asentamento consta dun recinto principal de reducidas dimensións, de forma

case circular que se corresponde coa parte máis alta do outeiro. O recinto está delimitado pola parte norte por un foso que o separa do terreo máis alto que o propio xacemento. Ao oeste e suroeste hai un total de tres fosos, o primeiro e o segundo seguidos de dous parapetos de pequenas dimensións, mentres que polo sur e este, a propia pendente do terreo sérvelle de delimitación. O acceso á plataforma habitable faise a partir dun parapeto ou muralla que o rodea. Polo suroeste, onde se atopan máis elementos defensivos, hai un recinto aterrado, separado da contorna por un pequeno foso e un parapeto. Ao sur e nordeste atópanse dúas zonas máis aterradas que formarían parte do recinto. O asentamento presenta unha reducida superficie habitable moi horizontal e sen obstáculos que dificultan a súa habitabilidade.

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarello.es